



FACULTADE DE FILOLOXÍA

MEMORIA DE CALIDADE

FACULTADE DE FILOLOXÍA

Curso Académico: 2023/2024

Versión	Unidade /Órgano	Data de aprobación
1	Comisión de Calidade do Centro	19/05/2025
Informe técnico da SCVTI	Área de Calidade	17/09/2025
2	Xunta de Facultade	20/10/2025

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	10
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	10
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	16
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	24
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	34
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	40
Directriz 6. Información pública	45
3. Plan de Melloras do centro	48
4. Modificacións nos diferentes títulos	51
5. Listaxe de evidencias e indicadores	53

1. Introducción

1.1. *Presentación da Memoria de Calidade*

O presente documento recolle a Memoria de Calidade da Facultade de Filoloxía correspondente ao curso 2023/2024.

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Filoloxía corresponde ao curso académico 2023/2024. Nela recóllese información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao Plano de Melloras da propia Facultade, que inclúe as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

1.2. *O Centro*

A excepcional cantidade e variedade das titulacións que ofrecemos na Facultade de Filoloxía condicionan tanto a vida académica en xeral como a proposta, acompañamento e avaliación dos mecanismos con que tentamos garantir a mellora permanente, así como atinxir metas de excelencia na formación e investigación universitarias no campo das Humanidades.

A reforma iniciada coa publicación do RD 1393/2007, de 29 de outubro, sobre Organización das Ensinanzas Universitarias Oficiais en España levou, no ano académico 2009-2010, ao inicio do proceso de implantación dos novos títulos de grao, paralelo ao de extinción dos títulos de licenciatura e culminado no ano 2012-2013. As nove licenciaturas reducíronse a cinco graos:

- Grao en Filoloxía Clásica.
- Grao en Lingua e Literatura Españolas (no ano 2021/2022 concluíu a titulación a última promoción dun grupo B que se impartía na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo, polo que, dende esa data, non hai docencia no campus de Lugo)
- Grao en Lingua e Literatura Galegas.
- Grao en Lingua e Literatura Inglesas.
- Grao en Linguas e Literaturas Modernas, con mencións en Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Francesas, Lingua e Literatura Italianas, Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas e Filoloxía Románica.

Por outra banda, tamén ao abrigo do RD1393/2007, a Facultade de Filoloxía e os Departamentos radicados nela traballaron na elaboración de diversas propostas de títulos de Mestrado, que desembocaron na seguinte oferta:

- Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura.
- Mestrado Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.
- Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións.
- Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada.
- Mestrado Erasmus Mundus en Lexicografía.
- Mestrado Universitario en Ensinanza do Español como Lingua Estranxeira ou Segunda
- Lingua (este último se implantará no ano 25/26 e se impartirá en liña)

A Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), e non o centro, ocúpase da coordinación e a xestión das ensinanzas de doutoramento e os estudos avanzados da USC, así como dos procesos

que conducen á obtención do título de doutor/a, para ofrecer unha formación doutoral flexible, interdisciplinar e de calidade, orientada a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da USC.

O proceso que se aplica ao SGC segue os procedementos clásicos establecidos, pasando polas fases e órganos mais adiante apresentados, remetendo en primeira instancia ao que se establece na normativa estatal e, en segunda, á adaptación do SGC marco da Universidade de Santiago de Compostela, deseñado á súa vez segundo modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG. Sendo a xestión documental e as directrices en que se encaixa este proceso unha galaxia de difícil navegación, estamos seguros que na específica estrutura do noso Centro se poderá implementar futuramente un desenvolvemento mais eficaz do SGC, cando a multiplicación dos auto-informes de seguimento de cada un dos títulos sexa compactada. Como instrumento que debe proporcionar a mellora continuada nas titulacións adscritas á Facultade de Filoloxía, como medio para probar niveis de calidade que faciliten a renovación periódica da súa acreditación, o SGC aplicouse en concreto no período 2023/2024 seguindo o proceso e con as evidencias que no presente documento ficarán expostas.

1.3. Sistema de Calidade do Centro

O Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Filoloxía sométese a un seguimento anual que, xunto co seguimento dos títulos e os plans de mellora derivados, contribúe ao mantemento e actualización das accións encamiñadas ao desenvolvemento da política de calidade do Centro. A documentación de referencia do SGC da nosa Facultade e as evidencias da súa implantación están dispoñíbeis para consulta pública na web institucional da Facultade, na sección de Calidade:

- Plan Estratéxico (2024-2026)
- Protocolo de Coordinación dos Graos
- Manual de procesos da Facultade de Filoloxía
- Manual do SGC da Facultade de Filoloxía
- Regulamento dos TFG da Facultade de Filoloxía Plan de Acción Titorial da Facultade de Filoloxía Plan de Captación
- Plan de captación
- Algunhas modificacións de regulamentos, procedementos e outros cambios de detalle, que poden incidir na elaboración da Memoria de Calidade, serán referidas no apartado correspondente.

Polo que se refere aos órganos que operan na elaboración da Memoria, acompañamento, desenvolvemento e avaliación continuada do noso Sistema de Garantía de Calidade, este o elenco que intervéñ (desde a aplicación do novo Regulamento de réxime interno da Facultade de Filoloxía da USC, no segundo semestre do curso 2020- 2021):

Órganos Unipersoais:

- Decano
- Responsábel de Calidade
- Coordinador de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Órganos Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisión de Prácticas externas e Mobilidade

- Comisión de Traballo de Fin de Grao
- Comisión de Actividades Culturais
- Comisión de Economía e Infraestruturas
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Igualdade
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comité Consultivo do Centro
- Comisións académicas dos títulos de grao e mestrado
- Xunta de Facultade [responsábel da aprobar a Memoria de Calidade así como as propostas de novos títulos e as súas modificacións].

A composición, funcións e acordos das comisións que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC (Comisión de Calidade do centro, Comisións de Título, Comité Consultivo) poden consultarse na páxina web do Centro.

A planificación, aplicación e seguimento anual das propostas de mellora, a elaboración dos auto-informes de seguimentos por parte dos coordinadores e coordinadoras de cada un dos títulos, as reunións da Comisión de de Calidade do Centro e dos órganos unipersoais e colexiados, reflíctense nas actas das distintas comisións, cuxos acordos están dispoñibles na páxina web do centro.

1.4. Plan Estratéxico de Centro (PEC)

A Facultade de Filoloxía conta cun Plan Estratéxico de Centro para o período 2024-2026. Anteriormente estivo en funcionamento un Plan estratéxico ponte (2020-2022) que se prolongou ata finais do curso 2023/2024.

No novo plan recóllense os obxectivos e as accións estratéxicas da Facultade de Filoloxía. A Programación plurianual da USC (2023-2026) e o Plan estratéxico (2024-2026) da USC son os documentos de referencia da nosa reflexión.

Este plan estratéxico recolle unha reflexión acerca da misión, a visión e os valores da Facultade. A continuación, expoñemos as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades do Centro. Finalmente, agrupamos as principais liñas estratéxicas, cos seus obxectivos concretos, na xestión da Facultade de Filoloxía que afectan o estudantado, PDI, PTXAS e a sociedade en xeral. Na elaboración deste documento estivo implicada a Comisión de Calidade do Centro, constituído en grupo de traballo para a elaboración do PEC, o Equipo Decanal da Facultade e o Comité Consultivo.

A continuación recolleemos a cinco liñas estratéxicas do centro e a súa correlación coas liñas estratéxicas da USC.

LIÑAS ESTRATÉXICAS - USC	LEC - LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO
LE1 - Estudantado e a comunidade universitaria	1. A comunidade da Facultade de Filoloxía: estudan- tado, PDI e PTXAS
LE2 - Formación e a docencia no novo contexto	2. A formación e a docencia na Facultade de Filoloxía
LE4 - Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar	3. A investigación e a innovación na Facultade de Filolo- xía
LE5 - Senda da internacionalización	4. A internacionalización
LE6 - Procura de infraestruturas ecoeficientes	5. Infraestruturas

A continuación recolleemos os obxectivos estratéxicos de centro e accións que corresponden a cada unha das liñas estratéxicas trazadas neste plan. Os obxectivos están vinculados, en primeiro lugar, coa consecución dunha facultade na que logremos a igualdade e a inclusión, o impulso dun proxecto cultural que integre a toda a comunidade da Facultade e, tamén, ao barrio no que se integra o centro, o desenvolvemento de proxectos vinculados co benestar e o apoio ao estudantado na súa formación e incorporación ao ámbito profesional posterior.

Tamén resulta fundamental para nós robustecer os plans de estudo actuais e formar á comunidade da Facultade en competencia relacionadas co ámbito dixital.

Os ámbitos da investigación e a innovación será tamén tratados entre os obxectivos e a biblioteca do centro adquirirá un rol fundamental nos procesos de investigación.

Do mesmo xeito concedemos un lugar particularmente importante aos procesos de internacionalización, tanto no ámbito da formación como da investigación.

Finalmente, debe considerarse o capítulo das infraestruturas, por canto a creación de espazos de convivencia e a adaptación de espazos non accesibles supón un asunto de relevancia neste plan.

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivos estratéxico de Centro	Período de execución	Acción	Indicador	Situación inicial /Meta	Responsable de execución	Evidencia documental
LEC 1. A comunidade da Facultade de Filoloxía: estudantado, PDI e PTXAS	OE 1.1. Construír unha facultade que garanta a igualdade e inclusión.	01/2025 - 12/2026	AC 1.1.1. Impulsar accións formativas, en colaboración co SEPIU, encamiñadas a coñecer os protocolos de integración/inclusión do estudantado con necesidades específicas.	Participación estudantado/PDI /PTXAS. Actividades de difusión e comunicación.	Lograr impulsar 1 acción anual	Equipo decanal/SEPIU	Material para a difusión da acción; programa
	OE 1.2. Impulsar o proxecto cultural da Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 1.2.1. Fomentar a participación do estudantado, PDI e PTXAS no programa cultural da Facultade de Filoloxía.	Participación do estudantado nas actividades. Enquisas de satisfacción.	Lograr que 5 estudantes 5 membros do PDI participantes nos proxectos	Equipo decanal/Comisión actividades culturais	Documentación relacionada cos proxectos colaborativos, o programa Convergencias (programa congreso e libro) e o proxecto expositivo no que conste a participación do estudantado

 FACULTADE DE FILOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 6 de 57

	OE 1.3. Impulsar proxectos no ámbito do benestar	01/2025 - 12/2026	AC 1.3.1 Elaboración dun informe de necesidades, co conxunto de centros e unidades do Campus Norte, para expor ao equipo directivo da universidade, e, en casos, ao concello de Santiago de Compostela, e constituído en folia de ruta para este traballo e de consecución práctica de resultados	Participación dos centros e necesidades resoltas	Conta con 1 necesidade resolta	Equipo decanal/Responsable de Calidade do Centro/Coordina Calidade de Centro	Informe
		01/2025 - 12/2026	AC 1.3.2 Abrir espazos físicos de encontro e vida comunitaria do estudiantado	Obras realizadas	Contar con 1 novo espazo para a vida comunitaria	Equipo decanal	Orzamentos e plan arquitectónico
		01/2025 - 12/2026	AC 1.3.3 Organizar sesións de benvida e acollida para o estudiantado de novo ingreso e para o de mobilidade, para o PDI e o PTXAs que se incorpora á Facultade	Participación do estudiantado, PDI e PTXAS	Participación de 100 estudantes na sesión de benvida e de 20 na sesión de acollida do estudiantado de mobilidade; participación dun 10% do PDI e PTXaS de nova incorporación	Equipo decanal/Coordinacións de titulacións	Material para a difusión da acción; programa
		01/2025 - 12/2026	AC 1.3.4 Organizar encontros co estudiantado que remata o seu TFG coa súa experiencia académica na Facultade.	Participación do estudiantado; enquisas	Participación de 10 estudantes	Equipo decanal	Material para a difusión da acción; programa
	OE 1.4. Reforzar a orientación vocacional e laboral do estudiantado da Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 1.4.1 Organizar obradoiros de empregabilidade e orientación laboral para o estudiantado da Facultade. Contaremos co estudiantado egresado que traballe en ámbitos laborais diferentes da docencia.	Participación do estudiantado nos obradoiros. Enquisas de satisfacción	Participación de 10 estudantes	Equipo decanal/estudiantado egresado	Material para a difusión da acción; programa
		01/2025 - 12/2026	AC 1.4.2 Programa de prácticas en empresas e autoemprego	Enquisas	Lograr que aumente un 1% o estudiantado que participa no programa	Equipo decanal	Convocatoria de prácticas; solicitudes; resolución
LEC 2. 2. A formación e a docencia na Facultade de Filoloxía	OE 2.1. Robustecer e mellorar as titulacións da Facultade de Filoloxía e a súa calidade	01/2025 - 12/2026	AC 2.1.1. Favorecer a creación dun grupo de traballo que reflexione, a partir de propostas recibidas do PDI, do estudiantado e do Comité Consultivo, sobre as posibles modificacións das titulacións que se imparten na Facultade de Filoloxía coa finalidade de mellorar a calidade docente	Participación PDI/estudiantado	Lograr impulsar propostas de modificación encamiñadas a modificar un 10% das materias que se imparten na Facultade.	Equipo decanal/PDI	Informes do grupo de traballo

	OE 2.2 - Adaptar e actualizar a oferta formativa da Facultade de Filoloxía ás necesidades da sociedade	01/2025 - 12/2026	AC 2.2.1. Elaboración da nova normativa TFG.	Enquisas TFG. Programas da materia	Lograr que diminúa nun 5% o estudiantado que abandona o TFG	Equipo decanal	Normativa TFG.
		01/2025 - 12/2026	AC 2.2.2 Análise das causas que provocan o abandono do TFG	Resultado obtidos na reunión celebrada con este grupo de estudantes	Lograr que diminúa nun 5% o estudiantado que abandona o TFG.	Equipo decanal	Informes e enquisas
		01/2025 - 12/2026	AC 2.2.3 Desenvolver o programa piloto iniciado no ano 2024 do Campus Conciencia que permite levar a cabo a actividades dirixidas ao ensino secundario que permitan estreitar os vínculos co profesorado e o estudiantado desta etapa educativa	Participación no conxunto de actividades propostas	Lograr que aumente un 1% a nota de PAU de acceso	Equipo decanal/Responsible programa A Ponte do centro	Material para a difusión da acción; programa
	OE 2.3. Formar en competencias dixitais	01/2025 - 12/2026	AC 2.3.1. Organización obradoiros de TFG para a formación do estudiantado	Participación estudiantado. Enquisas TFG.	Participación de 10 estudantes en cada sesión.	Equipo decanal/PDI	Material para a difusión da acción; programa
		01/2025 - 12/2026	AC 2.3.2. Proporcionar formación en relación con APS, ApP e IA no contexto académico e de investigación para o estudiantado e o PDI da Facultade	Participación estudiantado e PDI. Actividades de difusión e de formación. Enquisas de satisfacción.	Participación de 5 estudantes e 10 membros do PDI na acción formativa	Equipo decanal	Material para a difusión da acción; programa
LEC 3. A investigación e a innovación na Facultade de Filoloxía	OE 3.1. Definir e impulsar a política de transferencia da I+D+i da Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 3.1.1. Elaborar un plan piloto de asesoramento e apoio técnico da Biblioteca aos grupos de investigación da Facultade	Participación dos grupos de investigación	Participación de 2 grupos de investigación no plan	Equipo decanal/Dirección da biblioteca do centro	Plan piloto; enquisas
	OE 3.2. Consolidar a biblioteca do centro como referencia na investigación	01/2025 - 12/2026	AC 3.2.1. Apoiar á biblioteca no proceso de adquisición de recursos bibliográficos para a comunidade da Facultade	Transferencia de orzamento e aplicación concreta desa partida	Dotar con 10.000 euros á biblioteca	Equipo decanal	Informes das partidas gastadas

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE FILOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE						
	Páxina 8 de 57						

LEC 4. A internacionalización	OE 4.1. Potenciar a internacionalización como eixo transversal na Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 4.1.1. Impulsar unha liña informativa para o PDI e o PTXAS sobre os programas de mobilidade vixentes, con especial fincapé nos de fóra do EEES	Participación de PDI e PTXAS	Lograr que aumente un 1% a mobilidade do PDI e PTXAS da Facultade	Equipo decanal	Material para a difusión da acción; programa
	OE 4.2. Reforzar o posicionamento e a visibilidade internacional da Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 4.2.1. Alicerzar os vínculos co SUG e Universidades do Norte de Portugal. Responsable: Equipo decanal.	Colaboracións establecidas e datos de participación	Lograr asinar 1 convenio de colaboración ou desenvolver un proxecto cunha universidade do Norte de Portugal	Equipo decanal	Convenio
	OE 4.3. Incrementar a internacionalización da docencia e da investigación na Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 4.3.1. Impulsar un plan de financiamento para que os programas de mestrado incrementen a internacionalización na docencia do título	Participación estudiantado/Enquisas	Lograr contar con 5 accións de carácter internacional no contexto dos programas de mestrado	Equipo decanal/Coordinacións de titulación	Material para a difusión da acción; programa
LEC 5. Infraestruturas	OE 5.1. Optimizar a eficiencia enerxética da Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 5.1.1. Analizar e propoñer accións de mellora á Xerencia con respecto aos problemas de humidade e temperaturas extremas no edificio.	Obras	Orzamentar as obras	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento e solicitude de recursos materiais cursadas aos servizos centrais
		01/2025 - 12/2026	AC 5.1.2. Independización da sala de lectura e biblioteca e do centro para unha maior eficiencia enerxética	Obras	Lograr que a sala de lectura sexa de acceso independente con respecto ao centro	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento
	OE 5.2. Implementar o Plan de Infraestruturas na Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 5.2.1. Analizar e propoñer accións á Xerencia con respecto ás necesidades de infraestrutura (reforma do Salón de Actos).	Obras	Orzamentar obra	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento e solicitude de recursos materiais cursadas aos servizos centrais

 FACULTADE DE FILOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 9 de 57

		01/2025 - 12/2026	AC 5.2.2. Analizar e propoñer accións á Xerencia con respecto ás necesidades de accesibilidade da Biblioteca do centro	Obras	Lograr a accesibilidade na Biblioteca	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento e solicitude de recursos materiais cursadas aos servizos centrais
		01/2025 - 12/2026	AC 5.2.3 Dotación de espazos de encontro e refección	Obras	Lograr contar con 1 novo espazo de encontro na Facultade	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento
		01/2025 - 12/2026	AC 5.2.4 Substitución da iluminación e dotación de células eléctricas en todo o centro	Obra	Substitución dun 25% da iluminación do centro	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento
		01/2025 - 12/2026	AC 5.2.5 Apertura dunha nova porta na Facultade que esté aberta cara os barrios de Vite e Vista Alegre e que facilite a comunicación co entorno	Obra	Apertura da porta	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento
	OE 5.3. Racionalizar o uso das infraestruturas da Facultade de Filoloxía	01/2025 - 12/2026	AC 5.3.1 Impulsar a creación de espazos polivalentes que funcionen como salas de aula ou de traballo	Obras	Contar con 2 novos espazos na Facultade	Equipo decanal	Memoria de execución do orzamento

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. Política de Calidade. Vixencia

A Facultade de Filoloxía, tal e como vén plasmando nas Memorias de Calidade que elabora anualmente, mantén vixente o seu compromiso atento á consolidación da cultura da calidade, pois é consciente da importancia que ela ten para a mellora continua dos títulos que oferta.

A Facultade ten unha estrutura organizativa complexa, aínda que exacta e rigorosa, debida á amplitude da súa oferta formativa. Para o desenvolvemento do SGC, o Centro conta coas distintas comisións previstas no Regulamento de réxime interno, entre outras a Comisión de Calidade do Centro, o Comité Consultivo da Facultade, as comisións de cada un dos títulos de grao e de mestrado, a Comisión de Traballo de Fin de Grao e a Comisión de Prácticas externas e Mobilidade, para alén do Equipo Decanal, o Coordinador de Calidade do Centro e os/as Coordinadores/as dos distintos títulos. Está accesíbel a través da web a composición de todas estas comisións, os nomes dos membros do equipo decanal e das coordinadoras e coordinadores de todos os graos (das mencións e dos cursos) e de todos os mestrados.

Tamén está dispoñíbel toda a documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC da Facultade de Filoloxía (en especial, as memorias de verificación e os informes de renovación da acreditación dos títulos de grao e mestrado, as memorias de calidade do centro, o plan estratéxico 2024-2026 aprobado pola Xunta de Facultade en 19/12/2024, o manual de procesos e procedementos, aprobado pola Comisión Delegada de Calidade e Planificación do Consello de Goberno en 29/11/2024, o manual do sistema marco de calidade da Facultade de Filoloxía, o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía aprobado pola Xunta de Facultade no 24/01/2020 e ratificado polo Consello de Goberno no 07/02/2020 e os RRI dos departamentos adscritos a Facultade de Filoloxía), ademais dos documentos marco da USC.

A Comisión de Calidade de Centro realiza a revisión periódica da política de calidade, do Manual de Procesos e do Manual de SGC da Facultade. Cabe destacar as achegas do comité consultivo, pois a súa mirada externa e crítica é a que permite aprofundar e avanzar na reflexión sobre temas de grande importancia a medio e longo prazo como, por exemplo, o papel fundamental das prácticas externas e dos programas de mobilidade ou a necesaria formación tecnolóxica.

Cabe aínda indicar que nesta Memoria non se proporcionan nin se analizan os datos relativos aos Másters Mundus impartido na Facultade, pois estas titulacións seguen un proceso de seguimento no marco das institucións europeas. O Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA) é coordinado pola UDC (Universidade da Coruña).

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC).

O SGC da Facultade de Filoloxía conta cun proceso de revisión e mellora (PE-02) que permite establecer, revisar e/ou actualizar a política de calidade, os obxetivos de calidade do plan de melloras anual e o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade. Neste proceso é igualmente esencial o traballo das comisións de título e da CCC. As comisións de título elaboran as accións de mellora propias de cada título, que son aprobadas pola CCC (vid. os autoinformes de seguimento na páxina web).

É necesario avaliar o grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA) levado a cabo durante o curso 2023-24 en consonancia co Plan Estratéxico Ponte da Facultade 2020-2022 (PEP), xa que o actual PEC non se aprobou ata decembro de 2024 na Xunta de Facultade. No PEP detállanse os obxetivos da Facultade. Unha das misións centrais da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é a xeración e a transmisión de coñecemento nas áreas das linguas, literaturas e culturas. A Facultade ten a responsabilidade da formación de futur@s filólog@s que exerzan a súa profesión con competencias, espírito crítico e responsabilidade, capaces de afrontar os retos dunha sociedade en continuo cambio. Con tal propósito, a Facultade de Filoloxía está comprometida coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Apoio ao alumnado no seu itinerario formativo e na súa implicación nas actividades do Centro, ao PDI no seu labor docente e investigador e na súa formación, e ao PAS nas súas tarefas e formación.
- Condicións óptimas para o desenvolvemento das actividades formativas e investigadoras (espazos, recursos, servizos).
- Incorporación da innovación docente, investigadora e tecnolóxica.
- Compromiso coas demandas sociais no ámbito da filoloxía.
- Implicación e integración no seu contorno social.

Neste sentido, e durante o curso 2023/2024, levamos a cabo accións encamiñadas a centrar a atención no estudantado (participación nas comisións), fomentar a dimensión integral na educación (accións culturais), desenvolver un programa de formación do persoal (tecnoloxías e intelixencia artificial), potenciar o uso da lingua galega (concurso Mazarelos e outras actividades culturais), reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación (biblioteca), favorecer a mobilidade das persoas (intercambios), optimizar o uso das infraestruturas (diversas obras na Facultade).

1.3. Obxectivos de calidade.

A Facultade de Filoloxía pretende ser un centro capaz de proporcionar formación integral cunha oferta de títulos atractiva, diversa, e con capacidade de adaptabilidade e flexibilidade en correspondencia coas demandas da sociedade que a sostén, apoia e finanza. Aspira a ser recoñecida como Centro de Excelencia pola súa solvencia académica e óptima preparación

do seu alumnado, cunha ampla oferta de prácticas externas en empresas e de intercambios académicos nacionais e internacionais, pola súa actividade investigadora de referencia e pola relevancia dos seus grupos de investigación. A Facultade de Filoloxía desexa, ademais, ser un enclave próximo ao entorno social, centrado nas persoas, nas súas competencias e condicións de traballo e estudo; a comezar polo seu entorno inmediato e instalando como un principio animador do seu proxecto docente e investigador a transferencia de resultados e de coñecemento. Destacamos os seguintes valores principais na nosa planificación estratéxica: a responsabilidade social; a conciencia ambiental; a potenciación dos nosos sinais de identidade; o compromiso cunha xestión baseada no diálogo e a responsabilidade compartida; o compromiso coa equidade; a atención ás persoas con discapacidade e á igualdade de xénero; e a creación de comunidade, como fortaleza para a cohesión do centro e mellor consecución dos seus obxectivos. Cabe destacar o labor das distintas comisións da facultade (Normalización lingüística, Biblioteca, Igualdade, Actividades culturais) que organizan múltiples eventos neste sentido (cursos, conferencias, concursos, exposicións, todas recollidas na páxina web pública da Facultade).

1.4. Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC). (Situación: resultado curso anterior ao da Memoria)

O Plan de melloras anual (PMA) elaborado no curso 2023/2024 contribuíu para avanzar no cumprimento dos obxectivos. Estruturouse en seis accións de mellora: unha delas (AM.10) correspondía á elaboración do novo plan estratéxico (o Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Filoloxía, vixente ata decembro do 2022) que se cumpriu, posto que en decembro de 2024 aprobamos o novo PEC da Facultade, vinculado co da USC. As outras accións estaban vinculadas ás liñas estratéxicas e aos obxectivos do PEP.

Aumentar participación nas enquisas de satisfacción da ACMP (AM-02): Os datos sinalan o cumprimento da acción; así no curso 22/23 a participación nas enquisas foi de 19,3% (grao) e 15,63% (máster); mentres que no curso 23/24 as porcentaxes de participación foron do 55,2% (grao) e do 47% (máster).

Incentivar a realización de prácticas (AM-03): Os datos indican que, durante o curso 23/24 asináronse novos convenios de prácticas con diferentes empresas e, asimesmo, que houbo un aumento no número de estudantes matriculados:

- Aumento do número de estudantes matriculad@s en Prácticas externas. Graos: GFCL 22-23: 1 / 23-24:2; GLLE 22-23: 9/ 23-24: 9; GLLG 22-23:15/ 23-24: 11; GLLI 22-23: 4 / 23-24:15; GLLM 22-23: 13 / 23-24:12. Total: 2022-23: 42 e 2023-24: 49.
- Aumento do número de convenios e modalidades ([chrome extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2024-01/AnexoI_Oferta_Prazas.pdf](https://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2024-01/AnexoI_Oferta_Prazas.pdf)).
- Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas da Facultade (14/09/2022).
- Difusión da información (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia/practicas>).

Xestionar os recursos de forma intelixente. Optimizar o uso das infraestruturas. Resolver as deficiencias estruturais dos centros docentes. Adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais. (AM-5): neste sentido, rematáronse dúas salas de convivencia na Facultade (PDI, PTXAS e estudantado), ademais de abrirse unha porta na Biblioteca, que permite o uso independente desta con respecto ao centro.

Aumentar a participación dos/as estudantes nos programas de mobilidade (SICUE e ERASMUS) (10%): Durante o curso 23/24 mantívose, cunha lixeira caída, a participación en programas de intercambio (5.9 no 23/24 fronte ao 6.07 no 22/23).

Estes programas difundíronse a través do boletín durante o período de solicitudes de participación aparte da difusión que fixo a Oficina de Mobilidade. Tamén se fixo a reunión co estudantado xa citada.

Consolidar protocolo de difusión da información para estudantado, PDI, PAS: Elaboración semanal dun boletín da Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/boletin-informativo-semanal>) Difusión información vía @s coordinador@s de título Utilización das redes sociais (X, Instagram) (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia>). Aumento significativo d@s seguidor@s (10%).

Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante: Realización Segundos Encontros con Egresad@s. Camiños da Filoloxía. 15-18 e 22 maio 2024, polas tardes. Participación: +-70 estudantes. Enquisa satisfacción: 3,5/5; Organización da actividade "Camiños da Filoloxía. Encontros con egresad@s" (abril 2023). Participación: 70 estudantes (aproximación) Realización enquisa de satisfacción (resultado: media 4/5).

Centrar a atención no estudantado. Fomentar a dimensión integral na educación. Potenciar as competencias para a empregabilidade adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais. (AM-3, AM-6 e AM-7): neste sentido, durante o curso 23/24, informouse sobre o SEPIU na sesión de benvida do estudantado de grao e, asimesmo, levouse a cabo o 30 de abril de 2024 a actividade: *Participación social, inclusión universitaria e éxito académico: Unha aproximación ao servizo de participación e inclusión universitaria da USC* impartida por Javier Agrafojo Fernández, coordinador do SEPIU.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos foi realizado pola CCC. Todas foron executadas e avaliadas positivamente (Vid. plan de melloras).

O nivel de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, do PEP e o proceso de elaboración e seguimento do Plan de Melloras anual son satisfactorios. Os obxectivos do PEC guiarán as accións de mellora do centro propostas no plan 2024-2025.

De cara ao curso 2024/2025 o plan de melloras está centrado en seis accións, tres delas prolongadas do curso 2023/2024:

- AM01 Revisión das memorias das titulacións de grao
- AM02 Mellorar a estratexia de captación de estudantado de Secundaria e Bacharelato
- AM 02 Aumentar a participación do estudantado nas enquisas de ACMP (prolongada)
- AM03 Apertura de espazo de encontros (Estudiantado) Mellora da accesibilidade (Facultade e Biblioteca) en xeral e en particular para persoas con mobilidade reducida. Reparación e mellora das envolventes do edificio para corrixir problemas de humidade e temperatura extremas. Indicadores: obras realizadas (prolongada)
- AM 03 Modificar a normativa de TFG da Facultade
- AM 04 Aumentar a participación de estudantado nos programas de mobilidade Erasmus e Sicue (prolongada)

1.5. Coordinación titulacións interuniversitarias e Inter-centros

No caso dos mestrados interuniversitarios, a coordinación exerceuse de maneira satisfactoria desde a UDC para o MILA e desde a USC para o iMAES. Os tres centros nos que se imparte o título iMAES teñen implantados Sistemas de Garantía Interna de Calidade polo sistema FIDES-AUDIT, que se poden consultar na web propia do título e nas respectivas páxinas web de cada universidade participante.

É importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos interuniversitarios (calendarios sobretudo) sexan homoxéneos para acadar unha maior coordinación e eficiencia. Por exemplo, a Facultade de Filoloxía modificou o calendario de defensa dos Tfgs para permitir ao alumnado matricularse nos distintos mestrados do SUG.

1.6. Sistema SIGC/SGC

O manual de procesos e procedementos e o manual do sistema marco de calidade da Facultade de Filoloxía (elaborados en 2020 e revisados en 2024) foron aplicados e resultaron adecuados e eficaces nos procesos do SGC. Elaboráronse e aprobáronse, ademais, un protocolo de coordinación dos graos (data de aprobación nas Comisións Académicas dos Graos: 23/09/2022) e un plan de captación (aprobado pola Xunta de Facultade o 7/9/2022 pero revisado no ano 2024 e aprobado de novo pola Xunta de Facultade o 23/10/2024 (vid. documentos na páxina web do centro).

Durante o curso 2023/2024, a Comisión de Calidade do Centro (CCC) aprobou os informes de seguimento dos graos e os informes de seguimento dos mestrados MELC, MEME e iMAES, e elaborou a Memoria de Centro e o Plan de Melloras seguindo o calendario oficial. Os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas, desenvóléronse segundo o establecido polo SGC, introducindo melloras nos títulos e incluíndo as recomendacións dos diferentes procesos de verificación e de seguimento.

Tal e como estipula o SGC, as comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Prácticas externas e Mobilidade, de Traballo de Fin de Grao e de Calidade do Centro, levaron a cabo o seguimento da evolución e mellora do título en cuestión (vid.actas). Naqueles casos en que as comisións contan cun calendario de reunións ordinarias, celebraron as sesións previstas. A composición de todas as comisións mencionadas é accesíbel a través da web e foise actualizando puntualmente.

Organizáronse eleccións dos/as representantes nas comisións académicas de grao para promover comportamentos proactivos (16 de outubro, voto electrónico). O resultado foi positivo xa que permitiu asegurar unha representación estudantil en todas as comisión académicas de grao.

En xeral, podemos considerar que o sistema de garantía de calidade conta con procesos que permiten introducir melloras nos títulos, pero algúns aspectos poderían mellorar. Por exemplo, os indicadores cuantificábeis, que resultan ás veces insuficientes. A participación nas enquisas é baixa. Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese e realizáronse tres enquisas de elaboración propia (vid. modelos):

- Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao coa fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade.
- Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e procedemento en xeral.
- Análise da mobilidade: enquisas aos estudantes entrantes e saíntes (Erasmus+ Sicue).
- Algunhas titulacións (MELC, iMAES) teñen enquisas de elaboración propia (modelos dispoñíbeis no mesmo local web).

O centro tenta contribuir para un aumento da participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa situada á entrada da facultade, letreiros, correos á lista de distribución do profesorado, publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos. As enquisas son necesarias para valorar o bo funcionamento do SGC, pero resultan insuficientes pola escasa

participación e datos cuantitativos difíciles de interpretar. Para contornar tal contrariedade, organizáronse sistemas alternativos que completen e informen os índices de satisfacción do alumnado: reunións presenciais a nivel de título ou a nivel de facultade (organizaróñse reunións presenciais co alumnado de 4º ao acabar a defensa dos TFGs, para celebrar o acontecemento e facer un balance dos estudos en xeral, en xuño, xullo e setembro, para cada grao). O resultado foi positivo e permitiu, por exemplo, detectar puntos fortes (itinerarios, optatividade) e débiles das titulacións (horarios, niveis de lingua distintos esixidos nalgunhas titulacións), así como constatar a importancia que para o alumnado representan as prácticas e os programas de mobilidade. O plan de melloras do informe anterior tamén contemplaba unha acción de mellora (AM-02) para aumentar a participación nas enquisas de satisfacción da ACMP (mellor difusión do calendario de enquisas polos coordinador@s de título, invitar ao profesorado que na última semana de clase reserve dez minutos para permitir que o alumnado que o desexa poida responder esas enquisas) que, sen dúbida, e de acordo cos datos antes sinalados foi efectiva. Acreditamos que tamén se poderían aplicar algunhas melloras en aspectos técnicos ao nivel da USC, como a simplificación dos procesos para cubrir as clásicas enquisas.

1.7. Análise da satisfacción

Os mecanismos de recollida de información son varios e complementarios (enquisas, reunións, comisións). O funcionamento adecuado das distintas comisións favorece a recollida de información de satisfacción, suxestións, necesidades e expectaivas de todas as fontes. Tamén puntualmente organízanse reunións de grupos de interese (direccións de departamento, PAS, representantes de estudantado) para informar e tratar cuestións concretas da organización da Facultade. Todos os mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas e reclamacións, desenvolvéronse de acordo co establecido no SGIC e nas normas correspondentes.

No que se refire á difusión e promoción do sistema de traslado de queixas e reclamacións, levouse a cabo nas sesións informativas dirixidas ao estudantado, así como mediante a inclusión dun formulario na páxina web da Facultade para o envío de queixas e suxestións. En xeral, os mecanismos de recolla de información deste tipo (satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese) son adecuados e eficaces. Neste sentido, e a título ilustrativo, especificamos que ao longo do curso 2023-2024 recibíronse as seguintes queixas e reclamacións:

CODIGO	TIPO	TEMA	ESTADO	TEXTO	TITULACION
2023/ OAR01/ 000116	Recurso de reposición	Validación parcial de estudos estranxeiros	Estimado	María Estela Giadone Solicita se revise a resolución e se recoñezan as seguintes materias correspondentes ao grao en Idiomas e Literaturas modernas (mención italiana): Literatura italiana dos séculos XVII e XVIII, Literatura italiana do século XIX, Lingua Inglés I, Idioma Inglés II.	Grao en Linguas e Literaturas Modernas
-	Reclamación	Reclamación de cualificación	Desestimada	Marta Alonso Estévez solicita unha revisión na nota da materia <i>Literatura española: Ilustración e Romanticismo</i> [G5041326] impartida pola profesora Cristina Patiño Eirín.	Grao en Lingua e Literatura Españolas
-	Reclamación	Reclamación de cualificación	Estimación parcial	María Díaz Fernández solicita unha revisión na nota da materia <i>Literatura española: do Realismo á Xeración de 1914</i> [G5041423] impartida pola profesora Cristina Patiño Eirín.	Grao en Lingua e Literatura Españolas
-	Reclamación	Reclamación de cualificación	Desestimada	Elena García Cacho solicita unha revisión na nota da materia <i>Literatura española: Ilustración e Romanticismo</i> [G5041326] impartida pola profesora Cristina Patiño Eirín.	Grao en Lingua e Literatura Españolas

-	Reclamación	Reclamación de cualificación	Estimada	Melani Lamas Seco solicita unha revisión na nota da materia <i>Literatura española: Ilustración e Romanticismo</i> [G5041326] impartida pola profesora Cristina Patiño Eirín.	Grao en Lingua e Literatura Españolas
-	Reclamación	Reclamación de cualificación	Desestimada	Nerea Ester Viqueira Fontáns solicita revisión da cualificación das prácticas externas [G5061447] realizadas en Down Galicia.	Grao en Lingua e Literatura Inglesas
-	Reclamación	Reclamación de cualificación	Desestimada	Laura López Souto solicita unha revisión na nota da materia <i>Morfoxintaxe da Lingua Inglesa</i> [G5061223] impartida polo profesor José Carlos Acuña Fariña.	Grao en Lingua e Literatura Inglesas
24/00049	Queixa	Docencia [T.DO]	Desestimada	Queixa sobre o incumprimento do programa da materia Literatura española : Ilustración y Romanticismo impartida pola profesora Cristina Patiño Eirín.	Grao en Linguas e Literaturas Modernas

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1. Adecuación de procedementos.

A Facultade de Filoloxía ten implantados procedementos que regulan o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Periodicamente as CT analizan o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora. Faise o seguimento do cumprimento da memoria do título e analízanse a conveniencia de modificala, o cumprimento dos programas das materias, os perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación (a distintos niveis: materia, título, campus universitario), os resultados de aprendizaxe, o grao de satisfacción dos grupos de interese. O SGC establece os procesos do desenvolvemento dos programas formativos. A CCC revisa e aproba as accións de mellora (vid. Actas da CCC). Os indicadores do curso 2023-2024 facilitados pola ACMP avalan a adecuación dos procedementos relacionados co deseño,

revisión, mellora dos programas formativos e cumprimento do incluído nas memorias verificadas. Cabe destacar que a crise sanitaria supuxo avances na adaptación ao ensino con novas tecnoloxías (aula virtual...), pero tamén se observa un maior absentismo por parte do alumnado, feito que ten que implicar unha reflexión profunda sobre a docencia presencial, semi-presencial e virtual.

No curso 2023-2024 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade, seguindo o calendario establecido pola USC. Os informes de seguimento dos graos e mestrados foron aprobados na CCC do 30/5/24 coa excepción do informe de IMAES, que foi aprobado nunha reunión extraordinaria da CCC o 5/7/24.

A Memoria de Calidade do curso, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada na mesma reunión ordinaria celebrada o 30 de maio. A memoria de Centro foi modificada seguindo as recomendacións da ACMP (modificacións menores: incorporación de ligazóns á páxina web da facultade e incorporación de indicadores cuantificábeis nas AAMM) de acordo co infirme recibido o 15 de novembro de 2024.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos son accesíbeis na páxina web do centro. As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento, tanto as xerais da USC como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de modo pertinente durante o curso 2023- 2024.

No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes. No caso dos mestrados interuniversitarios, desde a UDC para o MILA e desde a USC para o Imaes. No caso do MEME, a CA está formada por representantes da Facultade de Xeografía e Historia e da Facultade de Filoloxía e a coordinación altermase.

É importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos interuniversitarios (particularmente calendarios) sean homoxéneos para acadar unha maior coordinación e eficiencia.

Durante o curso 2023-2024 aprobáronse ou modificáronse as seguintes normativas:

Modificación da normativa de permanencia: <https://minerva.usc.es/rest/api/core/bitstreams/65cac64-d1ae-46c1-a9d3-fef1a562eac9/content>

Acordo do Consello de Goberno do 10 de xuño de 2024 que aprobou a modificación do acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010, sobre criterios de admisión por cambio de universidade e/ou estudos universitarios nos estudos de grao: <https://minerva.usc.es/rest/api/core/bitstreams/810bc48e-c7a8-416e-821a-9d280f270217/content>

Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC: <https://minerva.usc.es/rest/api/core/bitstreams/dcb2d166-3ab3-48ef-85a3-80a1a069c946/content>

Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou a modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de Grao e fin de Máster na USC: <https://minerva.usc.es/rest/api/core/bitstreams/93212a79-d631-478c-a965-eca3bf9fdf48/content>

Acordo do Consello de Goberno do 25-01-2024, que aprobou a modificación do Regulamento das titulacións de grao e máster da USC e do procedemento para o aseguramento da súa calidade: <https://minerva.usc.es/rest/api/core/bitstreams/5105e16f-2e71-41e1-94c3-6dccb06e2587/content>

2.2. *Análise das accións desenvolvidas*

2.1. *Memorias verificadas de Título*

No curso 2023/2024 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade, seguindo o calendario establecido pola USC. Os informes de seguimento dos graos e mestrados foron aprobados na CCC no 30/5/24.

Na reunión do 12/9/23 a CCC aprobou a adaptación da memoria do MELC e dos graos ao RD. A dos graos estase levando a cabo durante o presente curso 2024/2025, mentres que a do máster inciarase no mes de setembro do 2025.

Na reunión do 2/5/24 a CCC informou de xeito favorable que se inicie o proceso de implantación tan pronto como sexa posible das modificacións non substanciais das memorias verificadas das titulacións de grao aceptadas pola ACSUG (a solicitude foi tramitada no primeiro cuadrimestre do curso 2023-2024).

Asimesmo, debe considerarse a acción de mellora proposta á o curso 2024/2025 relativa á adecuación e revisión das memorias dos títulos de grao que se imparten na Facultade para a súa adaptación ao Real Decreto 822/2021 e propostas de modificacións substanciais e non substanciais relativas á planificación das ensinanzas.

2.2. *Guías docentes: cumprimento de guías docentes*

Pasamos agora a valorar no conxunto algúns aspectos relativos ás accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. Para a análise detallada por título, vid. autoinformes de seguimento títulos que se poden consultar na páxina web do Centro: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>

Autoinforme do GFCL (p. 4)

Autoinforme do GLLE (p. 6)

Autoinforme do GLLG (p. 4)

Autoinforme do GLLI (p. 4)

Autoinforme do GLLM (p. 4)

Autoinforme do MEME (p. 9)

Autoinforme do MELC (p. 14)

Autoinforme do iMAES (p. 9)

A supervisión do cumprimento dos programas das materias realízase principalmente a través das Comisións de Título. Non se detectaron incidencias no cumprimento dos programas. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan esta afirmación. Os procedementos de coordinación realízanse principalmente através dos/as coordinado-res/as de título e das CT, con decurso normal das reunións ordinarias, tal e como se evidencia nas actas das CT. Tal e como quedou indicado antes, foi deseñado un protocolo de coordinación entre os distintos graos (dispoñíbel na web). Os títulos de mestrados interuniversitarios (iMAES e MILA) teñen sistemas de coordinación vertical (CCIU) e horizontal (programas, prácticas externas) axeitados. Os mecanismos de coordinación das actividades docentes son en xeral ben valorados. Os estudantes matriculados cumpren debidamente cos requisitos establecidos pola lei e normativa vixentes, segundo o estipulado nas Memorias de Verificación. No relativo á adecuación dos perfís de ingreso, cabe destacar que incluír a entrevista persoal como criterio de admisión é ben valorado polas comisións académicas (mestrados) e permite valorar o nivel de lingua esixido.

2.3. *Coordinación: procedementos de coordinación*

Non aplica posto que non houbo modificacións a este respecto no curso 2023/2024 relativas á coordinación. A Facultade conta cun protocolo de coordinación dos títulos de grao: <https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>

2.4. Perfil ingreso/egreso. Análise do perfil real de ingresos/egreso

O número de prazas ofertadas na Facultade, curso 2023/2024 (táboa 1), foi de 408, ingresando un total de 380 (366 no curso anterior). O número de estudantes matriculados (matrícula global) descende a 1317 (1323 no curso anterior). A enquisa de novo ingreso de elaboración propia proporciona datos esclarecedores (intereses e motivacións) correspondentes ao perfil real do alumnado (vid. informe).

Títulos	Prazas cubertas	Prazas ofertadas
Grao Filoloxía Clásica	19	50
Grao Lingua e Literatura Españolas [Grupo Santiago]	64	50
Grao Lingua e Literatura Galegas	46	50
Grao Lingua e Literatura Inglesas	108	100
Grao Linguas e Literaturas Modernas	69	75
Máster Estudos da Literatura e da Cultura	24	26
Máster Interuniversitario Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	16	22
Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	24	24
Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada	10	10
TOTAL:	380	407

Táboa 1 - Número de prazas ofertadas na Facultade de Filoloxía para o curso 2023-2024.

Tanto o Máster en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (iMAES) como o Máster en Lingüística Aplicada (MILA) son títulos interuniversitarios. En xeral, os datos de matrícula mantéñense en todos os mestrados: iMAES, 16 (16 o ano anterior); MELC, 24 (22 o ano anterior); MEME, 24 (22 o ano anterior); MILA: 10 (5 o ano anterior).

Polo que se refire aos títulos de grao impartidos na Facultade, non todos cubriron as prazas ofertadas. A demanda baixou no GFCL (de 24 no ano anterior a 19) e no GLII, 108 (112 no ano anterior) e no GLLG, 46 (50 o ano anterior), pero subiu no GLLE, 64 (51 o ano anterior) e no GLLM, 69 (64 o ano anterior). No que afecta ao alumnado novo, cómpre ter en conta que, en condicións normais, numerosos estudantes Erasmus e doutros programas de mobilidade se incorporan a materias do GLLE, nomeadamente ás do Maior.

En relación con esta materia, lembre-se que, con data de 2/11/2017, a Secretaría Xeral de Universidades publicou unha resolución pola que se declarou a singularidade de graos no Sistema universitario de Galicia, que supón “para as titulacións recoñecidas como tales, a exención do cumprimento do esixido no artigo 6 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia” (apartado 2). Isto equivale á exención da obrigatoriedade dun número mínimo de 50 matriculados de novo ingreso, no caso das titulacións adscritas a campus centrais, como Santiago de Compostela. Entre os títulos declarados singulares nesta resolución encóntranse o Grao en Lingua e Literatura Galegas e o Grao en Filoloxía Clásica.

Na táboa 2 obsérvase o mantemento da nota media global de acceso por preinscrición dos estudantes que inician os estudos. O 97, 52 % de estudantes que acceden a unha titulación da Facultade de Filoloxía ten unha puntuación igual ou superior a seis.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Filoloxía Clásica	8,67	10,31	9,86	9,24	10,95	10,28	10.8
Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]	9,20	9,19	9,41	10,69	10,88	10,15	11.27
Grao en Lingua e literatura galegas	8,58	8,97	8,79	8,17	8,89	9,53	9.26
Grao en Lingua e Literatura inglesas	9,54	9,83	9,96	10,16	10,26	10,07	9.91
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	8,50	8,14	8,49	8,92	9,16	8,85	8.77
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	7,47	7,42	7,41	7,41	7,74	8,18	7.53
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	7,69	7,60	7,48	7,53	7,42	7,60	7.98
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.	7,66	7,63	7,56	7,23	7,44	7,60	7.72
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	6,98	7,15	7,54	7,67	7,19	7,88	8.03
Total:	8,79	8,89	9,08	9,36	9,54	9,49	9.58

Táboa 2 - Nota media de acceso por preinscrición.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros, relativamente aos matriculados, é baixa en xeral na maioría dos graos (4,71 % na Facultade de Filoloxía) agás no GLLM (7,09%). Na maioría dos mestrados, agás no Imaes no último curso, obsérvase unha tendencia á alza que temos que ter en conta, sen dúbida, na súa organización (control do nivel de lingua, por exemplo). É tamén proba da internacionalización dos estudos de mestrados:

- No Máster en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, tal porcentaxe pasou de un 13,04 % no curso 2017-2018 para un 20 % no curso 2023-2024.
- No Máster en Estudos da Literatura e da Cultura, o 20 % do curso 2017-2018 elevouse a 30 % no curso 2023-2024.
- No Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos: 0 % no curso 2017- 2018: 12.09 % no curso 2023-2024.
- No Máster en Lingüística Aplicada: 35,29 % no curso 2017-2018; 75 % no curso 2023-2024.

Por outro lado, a porcentaxe de estudantes do estado español matriculados na Facultade, procedentes de fóra de Galicia, segue moi baixa (2,43%, no curso anterior 2,27%), coa excepción do MEME (12,09%), proba da súa boa acollida fóra de Galicia.

Con respecto aos alumnos/as egresados/as, os resultados de satisfacción son positivos. Os estudos sobre empregabilidade son escasos. A falta de datos dispoñíbeis neste sentido impídenos igualmente reflexionar con rigor e profundidade sobre o perfil de egreso e sobre a inserción laboral. Os datos de inserción laboral ofrecidos no informe elaborado pola ACSUG (vid. Informe) recollen datos no ano 2021 sobre os egresados no curso 2014-2015. Neste informe ofrécese unha comparativa das tres universidades do SIUG.

Desde a facultade está a elaborarse unha lista de contactos con egresad@s para intentar recoller datos. O Comité consultivo conta tamén cunha representación de egresad@s.

O perfil maioritario dos nosos titulados continúa é o docente no ámbito do ensino secundario e é necesario realizar unha formación posgraduada específica. Son tamén ocupacións laborais a educación permanente, o ensino de adultos e a docencia de lingua e literatura en centros e universidades estranxeiras. Outros perfís profesionais están ligados co mundo editorial e coa prensa, as industrias da lingua como o asesoramento lingüístico ou a mediación lingüística. O ensino público veu sendo tradicionalmente a principal vía de inserción laboral dos nosos egresados, o que está en liña cos resultados da enquisa realizada entre o estudiantado, na que a docencia é unha das opcións laborais mellor valoradas.

Para a análise detallada por título, vid. autoinformes de seguimento:

Autoinforme do GFCL (p. 6)
Autoinforme do GLE (p. 9)
Autoinforme do GLLG (p. 6)
Autoinforme do GLLI (p. 4)
Autoinforme do GLLM (p. 4)
Autoinforme do MEME (p. 11)
Autoinforme do MELC (p. 9)
Autoinforme do IMAES (p. 13)

2.5. Resultados da aprendizaxe: análise de que se acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

As medias das taxas de rendemento (IN34CM), éxito (IN35CM) e avaliación (IN36CM) dos mestrados son en xeral moi satisfactorias. As taxas medias de rendemento e avaliación dos mestrados son parecidas ao ano anterior. As taxas de éxito seguen moi altas.

Título	Taxa rendemento	Taxa éxito	Taxa avaliación
Máster Estudos da Literatura e da Cultura	85,70	100	85,7
Máster Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	81,10	99,45	81,55
Máster Estudos Medievais Europeos	90,66	99,15	91,44
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	89,47	99,42	90

Táboa 3 – Taxas (%) de rendemento, éxito e avaliación dos mestrados da F. de Filoloxía, 2023-2024.

A taxa de abandono dos mestrados baixou ou mantívose, agás no caso do MELC, que será preciso revisar no curso próximo.

Título	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	11,76	8,33	9,52	4	4,17	9,09

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	15,38	5,26	11,11	21,43	16,67	7,69
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	0	0	0	24	4	4,55
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	0	10	0	10	25	0

Táboa 4 - Taxa (%) abandono en mestrados da Facultade de Filoloxía (6 últimos cursos).

Á duración media (en anos) para que os estudantes superen os créditos correspondentes ao plan de estudos (1,34 no curso 2020-2021; 1,27 no curso 2021- 2022; 1,33 no curso 2022-2023; 1,19 no curso 2023-2024) manténse.

No caso dos títulos de grao, as taxas de rendemento, de éxito e de avaliación seguen estábeis e son satisfactorias.

Título	Taxa de rendemento	Taxa de éxito	Taxa de avaliación
Grao en Filoloxía Clásica	72,14	83,29	86,61
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	83,57	91,12	91,71
Grao en Lingua e Literatura Galegas	74,2	85,13	87,15
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	76,1	84,93	89,6
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	69,43	81,28	85,42

Táboa 5 - Taxas (%) de rendemento/éxito/avaliación dos graos impartidos en Filoloxía, curso 2023-24.

GRAO	Taxa abandono 1º curso 2022-2023	Taxa abandono 1º curso 2023-2024	Taxa de abandono RD 1393 2022-2023	Taxa de abandono RD 1393 2023-2024	Taxa graduación 2022-2023	Taxa graduación 2023-2024
Filoloxía Clásica	34,69	34,62	53,85	60,61	34,62	21,21
Lingua e Literatura Españolas [Santiago]	11,32	10,2	13,04	15,56	63,04	60
Lingua e Literatura Galegas	18	15	33,33	27,66	56,41	46,81
Lingua e Literatura Inglesas	11,49	14,85	15,29	17,35	63,53	62,24
Linguas e Literaturas Modernas	28,79	30,65	44,44	42,42	25,40	33,33

Táboa 7 Taxa de abandono 1º curso e taxa de graduación

En correlación cos datos expostos nas táboas anteriores, a taxa de abandono en primeiro curso e a taxa de abandono RD 1393 (Táboa 7) non son bons datos no GFCL, no GLLG e no GLLM. Realizáronse varias accións de mellora ao respecto nos anos anteriores, que non tiveron os resultados esperados. Como xa se indicou na Memoria do Centro 2021-2022, a taxa de abandono media da Facultade de Filoloxía (relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso nin no anterior) é importante, 25,36%, pero está por debaixo da taxa de abandono rexistrada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para a rama de Artes e Humanidades, dato que pode apuntar para un problema estrutural a nivel estatal nos estudos deste perfil.

A taxa de graduación manténse en xeral nos graos, pero diminuíu no GFCL e aumentou no GLLM.

As estratexias elaboradas nos cursos anteriores para abordar o problema mantivéronse: entre elas destacan accións para a visibilización e promoción da Facultade (Vid. por exemplo os vídeos dispoñíbeis na páx. web), captación dun maior número de estudantes (a Comisión de Calidade aprobou o Plan de Captación, proposto pola coordinadora do programa A Ponte entre o ensino medio e a USC da Facultade que, foi, ademais, reformado no curso 2024/2025), que debería contribuír á subida da nota media dos matriculados e á diminución da taxa de abandono. O Plan de captación inclúe un plano piloto denominado Xornadas de “Ciencia colaborativa para novos/as investigadores/as”, actividade que ten como obxectivos potenciar o interese e a participación colaborativa do estudantado de Educación Secundaria e Bacharelato polas Humanidades, e promocionar e divulgar a investigación e as titulacións que se imparten na Facultade. Realizouse esta actividade en xuño do ano 2024 como experiencia piloto en colaboración con varios institutos de Santiago de Compostela. Varios profesores participaron nas actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade, no circuito permanente do programa A Ponte entre o ensino medio e a USC. Así, para o curso 24/25 pretendemos coverteda nunha acción de mellora.

Tendo en conta, tamén, que as taxas de graduación nos títulos de grao da Facultade son mellorábeis, especialmente nalgúns títulos, e como o estudantado de grao manifesta con frecuencia a necesidade de dispoñer de formación complementaria para acometer o TFG, organizáronse –como en cursos anteriores– varias actividades formativas para a elaboración e defensa de TFG (Vid. Actividades do PAT: sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso; actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG, como os Obradoiros). Tamén cabe reflexionar sobre unha modificación da normativa dos TFGs que permitiría a defensa do TFG sen ter todas as materias aprobadas e que, de feito, tivo lugar durante o curso 2024/2025, polo que será obxecto da nosa atención na memoria de centro do curso próximo.

Podemos subliñar o leve descenso, polo que se refere as graos, relativamente á duración media (en anos) para que os estudantes superen os créditos correspondentes ao seu plan de estudos: 4,89 no curso 2020-21; 4,66 no curso 1021-2022; 4,64 no curso 2022-23, 4,86 no curso 2023/2024.

En relación coa taxa de eficiencia (rendemento dos egresados), os datos son satisfactorios, pese a que se aprecia un descenso con respecto ao curso anterior. A media da facultade sobe, pois nos graos é de 75,5 % (sendo no curso anterior de 89,59 %), e nos mestrados de 86,81% (sendo no curso anterior 92,01%). Todos os títulos atinxen os resultados de aprendizaxe previstos nas memorias.

2.6. Satisfacción da Titulación.

Como en anos anteriores, a Facultade procura fomentar a participación nas enquisas (anuncios con datos relevantes sobre o proceso de avaliación na pantalla informativa da entrada, letreiros, e a través da lista de distribución de correo electrónico do

profesorado, con avisos no Campus Virtual por parte dos coordinadores/as de título). Con todo, a participación é irregular e nalgúns casos obriga a relativizar as conclusións. De feito, en xeral a participación nas enquisas por parte do alumnado subiu grazas a acción de memoria proposta no plan do curso 22/23.

Tal e como se pode comprobar na Táboa 8, é moi satisfactoria a puntuación que reciben os títulos da Facultade nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46): non hai cambios significativos respecto ao ano anterior.

Título	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao Filoloxía Clásica	3,99	4,04	3,93	4,06	3,88
Grao Lingua e Literatura Españolas	4,11	4,13	4,15	4,21	4,18
Grao Lingua e Literatura Galegas	3,91	4,03	4,3	4,18	4,2
Grao Lingua e Literatura Inglesas	4	3,95	4,14	3,89	4,04
Grao Linguas e Literaturas Modernas	3,96	4,06	4,03	4,2	4,23
Máster Estudos da Literatura e da Cultura	4,51	4,40	4,37	4,37	4,34
Máster Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	4,27	4,47	4,3	4,71	4,56
Máster Estudos Medievais Europeos	4,32	4,29	4,07	4,62	4,67

Táboa 8 - Satisfacción do alumnado da Facultade de Filoloxía coa docencia recibida.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

3.1. Normativas

Os procedementos que regulan o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no SGC. A USC establece o marco normativo da vida académica dos/as estudantes, desde a admisión até a obtención do título. Este marco normativo está conformado polas ordenanzas, normativas e instrucións aprobadas polo Consello de Goberno da Universidade. As principais normativas poden consultarse no enderezo web que segue:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/alumnado>

O cadro referencial máis relevante, que garantiza ensino, aprendizaxe e avaliación no noso Centro, é este:

Normativa de permanencia

Acordo do Consello Social do 05-06-2012 polo que se aproba a Normativa sobre Permanencia nas Titulacións de Grao e Máster

Modificacións

Resolución Reitoral do 30-05-2013 pola que se fai pública a Corrección de erros da Normativa sobre Permanencia das Titulacións de Grao e Máster

Acordo do Consello Social do 3-11-2014 polo que se modifica a Normativa de Permanencia

Acordo do Consello de Goberno do 08-05-2015 polo que se modifica a Normativa de Permanencia no caso de simultaneidade de estudos

Acordo do Consello de Goberno do 10-03-2016 polo que se aproba o acordo transitorio de nova oportunidade para os que esgotaron o número máximo de convocatorias

Acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024 que aprobou a modificación da Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster da USC

Normativa de avaliación

Acordo do Consello de Goberno do 15-06-2011 polo que se aproba a Normativa de Avaliación do Rendemento dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións

Modificacións

Acordo do Consello de Goberno do 05-04-2017 polo que se modifica a normativa de avaliación do rendemento dos estudantes e de revisións de cualificacións

Acordo do Consello de Goberno do 22-04-2020 polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19

Normativa de asistencia

Acordo do Consello de Goberno do 25-03-2010 polo que se aproba a norma de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES

Modificacións

Instrución 1/2017 do 27-04-2017, da Secretaría Xeral, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias

Acordo do Consello de Goberno do 25/11/2024 que aprobou o Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da USC (producirá plenos efectos a partir do curso académico 2025-2026)

Grao e Máster

Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC (Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022 - publicado no DOG do 22-12-2022)

Modificación do Regulamento das titulacións de grao e mestrado da USC e do procedemento de aseguramento da súa calidade. (Aprobado polo Consello de Goberno do 25 de xaneiro de 2024 - Publicada no taboleiro electrónico da USC o 1-02-2024)

Mobilidade

Acordo do Consello de Goberno do 26-10-2012 polo que se aproba o Regulamento de intercambios de Estudiantes

Modificacións

Resolución Reitoral do 15-11-2012 pola que se corrixen erros no Regulamento de Intercambios da USC

Acordo do Consello de Goberno do 18-07-2019 polo que se modifica o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela

Valoración de expedientes

Protocolo de colaboración do 27-06-2011 entre a Consellería de Educación e as Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a valoración de expedientes académicos

Acordo da Comisión de Seguimento do Convenio entre Universidades do SUG e a Consellería de Educación sobre Valoración de Expedientes académicos

Recoñecemento de estudos e competencias

Acordo do Consello de Goberno do 14-03-2008 polo que se aproba a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES

Modificacións:

Acordo do Consello de Goberno do 05-07-2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007

Acordo do Consello de Goberno do 12-05-2017 polo que se modifica o Acordo do Consello de Goberno do 05-07-2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007

Acordo do Consello de Goberno do 10-07-2018 polo que se modifica o Acordo do Consello de Goberno do 12-05-2017 de recoñecemento de créditos nos estudos de grao segundo o disposto no artigo 12.8 do R.D. 1393/2007 sobre competencias en información

Acordo do Consello de Goberno do 21-02-2014 polo que se aproba o Protocolo de Validacións e Recoñecementos

Resolución Reitoral do 15-04-2011 pola que se establece o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster

Modificacións:

Resolución Reitoral do 30-01-2013 pola que se modifica o procedemento de recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster

Recoñecemento de estudos e competencias (Entrada en vigor o 1/02/2025)

Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC.

Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da USC, de 24 de xullo de 2024, en materia de recoñecemento de actividades e polo que se publica o catálogo de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos

Recoñecemento de estudos de Formación Profesional

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de Grao Superior da Formación Profesional Inicial e materias de estudos universitarios (2021).

Recoñecementos da experiencia profesional

Resolución reitoral do 05-06-2012 pola que dan indicacións para o recoñecemento da experiencia profesional nos expedientes dos alumnos de grao e máster

Recoñecemento en réxime de intercambio

Acordo do Consello de Goberno do 03-03-2017 polo que se aproba o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio

Modificacións

Acordo do Consello de Goberno do 24-05-2018, polo que se aproba a Modificación do acordo sobre recoñecemento de estudos realizado en Réxime de intercambio aprobado polo Consello de Goberno do 3 de Marzo de 2017

Prácticas

Acordo do Consello de Goberno do 29-07-2015 polo que se aproba o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela

Traballos Fin de Grao e Fin de Máster

Acordo do Consello de Goberno do 10-03-2016 polo que se aproba o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela

Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou a modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de Grao e fin de Máster na USC

Resolución Reitoral do 19-01-2021 pola que se autoriza a defensa ante titor ou titora dos traballos de fin de grao no curso 2020-2021

A CCC analiza o desenvolvemento destes procesos recollidos nos informes elaborados por cada unha das CT. En xeral, o grao de satisfacción en relación coa mobilidade, metodoloxía de ensino, resultados de aprendizaxe, proceso dos TFG/TFM e prácticas externas, é positivo. Os informes de seguimento elaborados por cada unha das CT analizan en detalle os datos (vid. abaixo links dos autoinformes correspondentes).

Os procesos de admisión e as accións de captación de alumnado dos graos en Filoloxía réxese pola normativa xeral aplicábel para o acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. A Facultade de Filoloxía participa activamente nos distintos programas da captación e información ao futuro alumnado (programa A Ponte entre o ensino medio e a USC). A Facultade dispón dun plan de captación (dispoñíbel na páx. web).

A continuación, comentamos algúns aspectos relacionados coa adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

Para a análise detallada por título, vid. autoinformes de seguimento:

Autoinforme do GFCL (p.20)

Autoinforme do GLLE (p. 22)

Autoinforme do GLLG (p .26)

Autoinforme do GLLI (p. 12)

Autoinforme do GLLM (p. 21)

Autoinforme do MEME (p. 27)

Autoinforme do MELC (p. 25)

Autoinforme do iMAES (p. 17)

3.2. Admisión do alumnado (accións de captación).

A continuación referimos unha síntese de actividades desenvolvidas na Facultade de Filoloxía, realizadas con propósito de captación, orientación e atención ao estudantado durante o curso 2023-2024. Ademais das iniciativas propias da Facultade de Filoloxía, cabe destacar o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), a Área de orientación laboral e emprego, o Servizo de axudas e servizos ao alumnado e a Oficina de información universitaria (OIU), ben valorada en xeral. No relativo ás necesidades de xestión académica, a USC conta cun servizo centralizado (servizos dispoñíbeis telematicamente, a través da Secretaría Virtual do Alumno, ben valorados en xeral).

Entre as iniciativas propias da Facultade de Filoloxía, vale a pena referir a Participación da Facultade de Filoloxía en actividades do programa A Ponte entre o ensino medio e a USC, a Participación no programa CHARLAS TEMÁTICAS (profesorado da Facultade); a Participación no programa ENCONTROS DO ENSINO MEDIO E DA USC; a Participación no

programa CURSO DE TITORES PARA ALUMNADO MATRICULADO EN ESTUDOS DE GRAO. No curso 2023-24, dous alumnos estiveron exercendo de titor (horario de atención e participación nas distintas actividades do PAT). É insuficiente e prevense actividades de información para impulsar a participación do alumnado no programa.

Segue a continuación algunha información do Programa A Ponte:

1. Estudantado do Plan de Acción Titorial

- Laura Rodríguez López
- Laura Pumares Rejes

Titorización do estudantado, horario de atención semanal.

Participación nas xornadas de acollida na Facultade de Filoloxía

2. Encontros na Zona USC que tiveron lugar o 30 e 31 de xaneiro, 1 e 2 de febrero de 2024 na Facultade de Filoloxía. Participación do equipo decanal, a coordinadora A Ponte, as coordinadoras dos Graos da Facultade, o estudantado titor e a dirección da Biblioteca.

3. Encontros virtuais co estudantado de Bacharelato

Conexións telemáticas coas coordinadoras dos Graos e co estudantado de Bacharelato para atender as súas dúbidas sobre as titulacións ofertadas na Facultade. Celebrados os días 21-26 de marzo de 2024.

4. Participación nas visitas aos centros educativos para informar sobre as probas ABAU e os diferentes Graos ofertados na USC.

Presentacións realizadas pola coordinadora A Ponte, Luz Zas Varela.

Charlas temáticas impartidas polo profesorado da Facultade de Filoloxía

Nome do centro	Charla Axud	Relatores
IES Sánchez Cantón (Código: 36006717)	ChT-104_ O obradoiro do filólogo e a conservación do patrimonio literario	Alonso Veloso, María José
IES Chano Piñeiro (Código: 36019323)	ChT-125_ A poesía barroca: Góngora e Quevedo fronte a fronte (con Lope de fondo)	Alonso Veloso, María José
IES Sanxillao (Código: 27016455)	ChT-087_ Un Século de Ouro á marxe: aproximación á poesía escrita por mulleres	Alonso Veloso, María José
IES Arcebispo Xelmírez II (Código: 15025301)	ChT-087_ Un Século de Ouro á marxe: aproximación á poesía escrita por mulleres	Alonso Veloso, María José
IES Chan do Monte (Código: 36015159)	ChT-125_ A poesía barroca: Góngora e Quevedo fronte a fronte (con Lope de fondo)	Alonso Veloso, María José
IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Código: 15015755)	ChT-104_ O obradoiro do filólogo e a conservación do patrimonio literario	Alonso Veloso, María José
IES Universidade Laboral (Código: 32009131)	ChT-087_ Un Século de Ouro á marxe: aproximación á poesía escrita por mulleres	Alonso Veloso, María José
IES Nº 1 (Código: 32003001)	ChT-125_ A poesía barroca: Góngora e Quevedo fronte a fronte (con Lope de fondo)	Alonso Veloso, María José
IES Lagoa de Antela (Código: 32015232)	ChT-087_ Un Século de Ouro á marxe: aproximación á poesía escrita por mulleres	Alonso Veloso, María José
IES Xesús Ferro Couselo (Código: 32016273)	ChT-087_ Un Século de Ouro á marxe: aproximación á poesía escrita por mulleres	Alonso Veloso, María José
IES Xesús Taboada Chivite (Código: 32013612)	ChT-085_ Que é a gramática?	Dubert García, Francisco
IES de Ponte Caldelas (Código: 36020313)	ChT-085_ Que é a gramática?	Dubert García, Francisco
IES do Castro (Código: 36019670)	ChT-085_ Que é a gramática?	Dubert García, Francisco
IES Sanxillao (Código: 27016455)	ChT-062_ British and American History through TV Shows and Films	Jiménez Placer, Susana; Mourón Figueroa, Cristina
IES Río Cabe (Código: 27007259)	ChT-014_ Filoloxías con futuro – tradicionais e dixitais	Millet Schroder, Victor
IES de Ponte Caldelas (Código: 36020313)	ChT-014_ Filoloxías con futuro – tradicionais e dixitais	Millet Schroder, Victor
IES Fernando Blanco (Código: 15003224)	ChT-014_ Filoloxías con futuro – tradicionais e dixitais	Millet Schroder, Victor
IES Nº 1 (Código: 15014568)	ChT-014_ Filoloxías con futuro – tradicionais e dixitais	Millet Schroder, Victor
IES Plurilingüe Castro da Uz (Código: 15014568)	ChT-042_ Harry Potter and British Tradition: Ghosts, Fairies and	Mourón Figueroa, Cristina

15021767)	Fabulous Beasts	
IES As Lagoas (Código: 32009190)	ChT-042_Harry Potter and British Tradition: Ghosts, Fairies and Fabulous Beasts	Mourón Figueroa, Cristina Prego Vázquez, Gabriela; Zas Varela, María Luz
IES Arcebispo Xelmírez I (Código: 15015743)	ChT-142_ Que significa ser plurilingüe?	Prego Vázquez, Gabriela; Zas Varela, María Luz;
IES Arcebispo Xelmírez II (Código: 15025301)	ChT-142_ Que significa ser plurilingüe?	Prego Vázquez, Gabriela; Zas Varela, María Luz;
IES Eduardo Pondal (Código: 15015861)	ChT-142_ Que significa ser plurilingüe?	Prego Vázquez, Gabriela; Zas Varela, María Luz;
IES A Sardiñeira (Código: 15027770)	ChT-142_ Que significa ser plurilingüe?	Prego Vázquez, Gabriela; Zas Varela, María Luz;
IES A Pontepedriña (Código: 15026753)	ChT-142_ Que significa ser plurilingüe?	Prego Vázquez, Gabriela; Zas Varela, María Luz;
IES de Sar (Código: 15027319)	ChT-148_Linguas modernas e as súas literaturas: que son e para que serven?	Rodríguez Pedreira, Nuria
IES O Carril (Código: 36018380)	ChT-148_Linguas modernas e as súas literaturas: que son e para que serven?	Rodríguez Pedreira, Nuria
IES de Foz (Código: 27020562)	ChT-091_Os mitos da lingua	Sousa Fernández, Xulio César
IES Xesús Taboada Chivite (Código: 32013612)	ChT-091_Os mitos da lingua	Sousa Fernández, Xulio César
IES Val do Asma (Código: 27003175)	ChT-091_Os mitos da lingua	Sousa Fernández, Xulio César

5. STEMBach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, pensado tanto para a modalidade de Humanidades como para a de Ciencias e creado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital.

3.3. Complementos formativos

Non aplica dado que non están contemplados nas titulacións que se imparten na Facultade de Filoloxía.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

No curso 2023-2024 desenvóléronse as actividades seguintes, previstas no PAT da facultade. O PAT foi revisado e actualizado pola CCC (publicado na páxina Web do centro):

- * Sesión de benvinda aos estudantes de grao de novo ingreso (9/09/2023).
- * Sesión de benvinda e orientación para estudantes de mestrados (por mestrado).
- * Actos de recepción dos estudantes alleos (16/9/2023).
- * Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (28/09/2022).
- * Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG/TFM: Obradoiros (4 e 11/12/2022).
- * Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (18/09/2023).
- * Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (19/09/2023).
- * Cursos de formación en competencias en información organizados pola biblioteca.
- * Sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudiantado que está a cursar o último ano de Grao (20/4/2023).
- * Encontros con egresad@s. Camiños da Filoloxía (15, 16, 17 e 18 /4/2024).
- * Encontros con alumnado de cuarto (datas defensa TFG).

Estimamos importante fomentar desde a Facultade o contacto co mundo laboral, por tal motivo contamos cunha programación estábel de encontros con profesionais egresadas/os da facultade con vistas á orientación laboral.

Tamén constatamos unha falta de información relacionada con protocolos de integración/inclusión de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade. Por este motivo no curso 23/24 organizamos a conferencia *Participación social, inclusión universitaria e éxito académico: Unha aproximación ao servizo de participación e inclusión universitaria da USC* impartida por Javier Agrafojo Fernández.

De igual modo, consideramos importante consolidar unha oferta de actividades de distintas índoles:

- * proxectos colaborativos (club de lectura, podcast, cine...);
- * xornadas temáticas (Programa Convergencias, un espazo de encontro e converxencia de intereses, que ten como principal obxectivo mobilizar o profesorado e estudantado da Facultade de Filoloxía arredor dun tema transversal de interese para todas as áreas de coñecemento da Facultade.
- *Programa expositivo

Trátase de fomentar o traballo colectivo, colaborativo e pluridisciplinar dentro do centro e dalo a coñecer ao resto da comunidade universitaria e á sociedade en xeral, a través de xornadas, mesas redondas, videos e publicacións. Esas actividades deben favorecer o sentimento de pertenza a unha comunidade – alma máter–, e cumprir a obriga de transferencia e de servizo da universidade. No curso 2023-2024 consolidáronse distintas iniciativas colaborativas (vid. web da facultade), como por exemplo:

- o clube de cine “Cinefilo” cunha programación regular os martes pola tarde;
- o clube de lectura con invitad@s de prestixio;
- os programas Convergencias (xornadas dedicadas no último ano ás dixitalidade e tecnoloxías, nos días 20, 21 e 22 de novembro de 2023, traballo colectivo que se concreta nunha publicación da Facultade, que se constitúe en presente institucional do centro).
- o programa expositivo

TÍTULO: O neto do homem mais sábio ORGANIZACIÓN: Prof. Célia Guido Mendes / Decanato DATA/S: 11 de setembro-31 de outubro de 2023 LUGAR: 1.º e 2.º andar da Facultade de Filoloxía.

TÍTULO: Dicionario Visual Galego ORGANIZACIÓN: Decanato; EASD Mestre Mateo, prof. Antón García Freire DATA/S: 31 de maio-15 de setembro de 2023 LUGAR: Escaleiras da Facultade de Filoloxía

TÍTULO: Escritoras e Bibliotecas ORGANIZACIÓN: Biblioteca Filoloxía e Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia. DATA/S: 18 a 31 de outubro de 2023 LUGAR: Biblioteca de Filoloxía.

TÍTULO: Urb-Vanity Atlántida Fullcolour ORGANIZACIÓN: Decanato DATA/S: 15 de novembro de 2023 a 29 de febreiro de 2024 LUGAR: 2.º andar da Facultade de Filoloxía.

TÍTULO: “Atravesar o gume”, visuais de Emma Pedreira para a revista Dorna ORGANIZACIÓN: Decanato, Revista Dorna DATA/S: 14 de marzo a 19 de abril de 2024 LUGAR: Facultade de Filoloxía.

TÍTULO: Luísa Villalta: todos os versos, todas as cores ORGANIZACIÓN: Biblioteca de Filoloxía DATA/S: 16 de maio a 7 xuño de 2024 LUGAR: Biblioteca de Filoloxía

TÍTULO: Significado e significante ORGANIZACIÓN: Facultade de Filoloxía e Escola de Artes Mestre Mateo DATA/S: 18 de xuño a 17 de setembro de 2024 LUGAR: Facultade de Filoloxía.

TÍTULO: “Grandes escritoras da literatura catalá”. Una literatura propia ORGANIZACIÓN: Generalitat de Catalunya, Institut Català de les Dones DATA/S: 23 de abril a 23 de xuño de 2024 LUGAR: Facultade de Filoloxía.

Podemos destacar tamén outras actividades culturais como por exemplo a xornada de investigación sobre o Seminario de Estudos Galegos na que participo estudantado de doutoramento da USC (As disciplinas do SEG onte e hoxe que terán

lugar os días 9, 10 e 11 de outubro de 2023), o Obradoiro de lingua e cultura sánskrita (6, 8, 20 e 22 de febreiro), marzo de 2023, a actuación de Paula Carballeira, no día das mulleres, 8 de marzo (vid. as actas da Comisión de Cultura, de Normalización Lingüística e da Comisión de Igualdade para relación completa).

3.5. Mobilidade.

Un importante número de estudantes, procedentes de todas as partes do mundo, chega tradicionalmente á Facultade por vía dos programas de mobilidade (en particular no GLE). No curso 2020-21 a situación sanitaria dificultou os intercambios. No curso 2021-22 a situación recuperouse, sen alcanzar as porcentaxes pre-crise sanitaria. No curso 2023-2024 a situación é similar. A porcentaxe de estudantes recibidos pola Facultade de Filoloxía é 14,12% (12,32% no curso 2021-22). O índice de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade é satisfactorio: 3,73/5.

Título	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Grao en Filoloxía Clásica	1,23	2,22	0,94	11	8,24	8,33
Grao en Lingua e Literatura Esp. [Grupo Santiago]	47,2	43,67	8,66	23,85	31,72	37,05
Grao en Lingua e Literatura Galegas	1,4	4,24	0	3	1	0,51
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	5,74	5,18	1,63	8,65	7,36	10,68
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	9,42	10,07	6,64	13,41	17,25	15,75

Táboa 9 - Taxas (%) de estudantes recibidos pola USC nos programas de mobilidade

No curso 2023-24, un 5,9 % dos/as estudantes da Facultade participou nun programa de intercambio. Na táboa 10 obsérvase o (baixo) número de estudantes saíntes de programas de mobilidade. Nas dúas enquisas de elaboración propia da nosa Facultade, realizadas neste último curso 2023-24 (Vid. Informes), os/as estudantes que participaban nalgún programa de mobilidade internacional de entrada (ERASMUS Incoming) e de saída (ERASMUS Outgoing), aínda que o número de respostas foi escaso, confirman o bon nivel de satisfacción d@s participantes e a diversidade xeográfica en canto a ambos fluxos (Italia, Alemaña, Tunes, Polonia, Mozambique, Portugal, Austria, Francia ou Bosnia e Hercegovina, para a procedencia; Alemaña, Francia, Irlanda, Italia, Noruega, Polonia, Portugal ou República Checa, para os destinos). Cabe destacar que os convenios de mobilidade da Facultade xa non se rexistran polas antigas titulacións, senón que se asinan co novo código 023 Languages, que inclúe o 0231 Language acquisition e o 0232 Literature and linguistics. Deste xeito, calquera estudante pode solicitar a universidade de destino que desexe (como sucede co PDI cando fai estadias Staff Teaching), o que pode incentivar a participación do estudantado.

Título	2023-2024
Grao en Filoloxía Clásica	0
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo Santiago]	5,34
Grao en Lingua e Literatura Galegas	0,71
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	9,17
Grao en Linguas e Literturas Modernas	6,82

Táboa 10 - Porcentaxe de estudantes de de grao enviados pola USC nos programas de mobilidade.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe

No referente á metodoloxía de ensinanza, os programas das materias de Graos e Mestrados, dispoñibles na web da Facultade, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que figuran nas memorias das titulacións. Asimesmo, durante o curso 22/23 estableceuse unha colaboración estreita co SEPIU, que se mantivo durante o curso 23/24, e permitiu coñecer as pautas do servizo e lograr así adaptar os métodos de ensinanza ás necesidades específicas de aprendizaxe ao PDI do centro

3.7. Avaliación da aprendizaxe

No que alude á avaliación da aprendizaxe, os programas das materias de Graos e Mestrados, dispoñibles na web da Facultade, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que figuran nas memorias das titulacións.

3.8. Prácticas externas.

O nivel de satisfacción coas prácticas é moi alta, como evidencian os informes de seguimento. A oferta é atractiva e os convenios numerosos (vid. oferta na páxina web do centro e páxinas dos mestrados), e mesmo así, moitas prazas quedan vacantes. A porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos na Facultade de Filoloxía realizou prácticas en empresas e institucións é baixa, pero aumentou de maneira significativa (20,07% no curso 2020-21; 22,39 % no 2021-2022; 27,24% no curso 2022-2023; 27,82% no curso 2023-2024). A situación non é a mesma nos graos (prácticas optativas) e nos mestrados (optativas ou obrigatorias). No GFCL, ningún estudante realizou prácticas no curso 2023-2024 (nos encontros presenciais con alumnado de cuarto, criticaron a oferta non adaptada aos estudos clásicos), aínda que as cifras son mais alentadoras para outros graos: 20,93 GLLE, 25,71 no GLLG, 11,9 no GLLI, 26,47 no GLLM. Unha situación ben diversa é a que se observa nos programas de máster: así fixo prácticas un 68,18 do estudiantado do MEME; 57,14 do IMAES; 50 do MELC e un 100 do MILA.

Son datos que temos en conta na proposta actual de prácticas para o alumnado de grao da Facultade, que inclúe as seguintes posibilidades:

- realizar prácticas de autoemprego na Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE), servizo dependente do Vicerreitorado de Investigación e Innovación da USC;
- realizar algunhas prácticas en sistema mixto presencial/telemático;
- realizar as prácticas no 3º curso (modificación do número de créditos mínimo necesarios para cursar as prácticas en empresas, que pasa de 150 ECTS a 120 ECTS).

As prácticas externas están valorizadas no mundo laboral, pero poucos/as alumnos/as de grao as realizan. A necesidade de incentivar as prácticas nos graos xa foi contemplada no plan de melloras 21/22 (vid. AM-03), de acordo coa liña estratéxica “fomentar a dimensión integral na educación”, e co obxectivo “potenciar as competencias para a empregabilidade adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais” do PEP da facultade. Cabe mencionar o acordo da Facultade coa Asociación Área empresarial do Tambre, asinado no 24 de marzo de 2023, que permite a realización de prácticas académicas nas instalacións das empresas, institucións e organismos da Asociación. Organizaróñse sesións informativas (Vid. Actividades do PAT) e a tendencia agora é á alza.

3.9. Traballos fin de grao/máster

A enquisa de elaboración propia da Facultade de Filoloxía relativa aos TFGs revela un grao de satisfacción adecuado cos resultados e procedemento en xeral (vid. Informe). Os procesos de asignación, supervisión, avaliación dos traballos de fin

de grao, están organizados pola Comisión de Traballo Fin de Grao. Os procesos de asignación, supervisión, avaliación dos traballos fin de máster, están organizados polas CT.

A nova Normativa de Traballo de Fin de Grao das titulacións de Grao da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, aprobada polo Consello de Goberno do 25/02/2021, prevé a posibilidade de realizar o TFG en equipo. Contempla aínda a variante de optar por avaliación do/a titor/a (a cualificación non poderá neste caso ser superior a 7.00) ou do/a titor/a e un tribunal. Eses cambios son o resultado dun proceso de consulta cos distintos sectores comprometidos e buscan implicar o/a titor/a na avaliación dos TFGs e ofertar novas modalidades de realización dos TFGs.

Debe considerarse que o Consello de Goberno da USC aprobou o 24/07/2024 modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de Grao e fin de Máster na USC. Como consecuencia deste acordo unha das accións de mellora que propoñemos é a modificación de normativa de TFG da Facultade de Filoloxía para o curso 2024/2025.

3.10. Resultados da aprendizaxe

Os indicadores de resultados para o curso 2023-2024 en todas as titulacións impartidas na Facultade mantéñense en valores moi positivos en xeral tal e como se demostrou nas táboas incorporadas no punto 2.5. desta memoria.

3.11. Satisfacción do Alumnado.

As enquisas elaboradas pola ACMP e as de elaboración propia da Facultade son a base para valorar o bon funcionamento do SGC, pero resultan ás veces insuficientes (pouca participación, datos cuantitativos difíceis de interpretar...). Como xa indicado, prevese unha acción de mellora ao respecto. Para impulsar sistemas alternativos que complementen as enquisas de satisfacción da comunidade da facultade, desenvóléronse algunhas actividades (reunións con alumnado, directores/as de departamento, coordinador@s de título, PAS) impulsadas polos/as coordinadores/as de titulación, coordinadores/as de curso, responsábeis da calidade do centro e decanato. Os resultados iniciais son positivos e permiten completar a información proporcionada polas enquisas. A información recibida foi esencial para a elaboración do Plan de Melloras da Facultade por parte da Comisión de Calidade do Centro. En conclusión, e relativamente á garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado, os datos en xeral resultan satisfactorios pero xustifican unha acción de mellora relacionada cos programas de mobilidade.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.

- Formación do profesorado e mobilidade.
- Actividade investigadora.
- Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

*A mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos non é competencia directa da Facultade e depende da Xestión dos recursos humanos. Corresponde á Facultade avaliar a suficiencia e adecuación do persoal PDI/PAS e as condicións en que desenvolve o seu labor. Os datos principais dos recursos humanos no curso 2023-24 non diferen substancialmente do observado na memoria do curso previo.

4.1. Persoal académico.

Pasando agora ao persoal académico, o cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Filoloxía conta cun bon nivel de adecuación, conforme a Memoria Verificada. Na docencia dos mestrados tamén participan profesionais de prestixio como profesorado de área externa. Con todo, cabe destacar o envellecemento do persoal docente (o cadro de PDI presenta unha media elevada de idade, con previsión dun número importante de xubilacións nos próximos anos), as dificultades na promoción e o desequilibrio no encargo docente entre as áreas de coñecemento. Segue a continuación algunha información xeral relacionada co PDI.

A USC conta cun programa de formación e innovación docente (PFID) que ofrece cursos orientados a mellorar a calidade da docencia (estratexias de aprendizaxe, metodoloxías, avaliación, TIC), e a Facultade de Filoloxía impulsou durante o curso 23-24 algunha acción relacionada coa formación no ámbito da IA. A porcentaxe de participación do PDI no programa PFID aumentou moito durante a pandemia debido probablemente á necesidade de adaptarse a sistemas de docencia virtual.

	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22	2022/23	2023/2024
Grao en Filoloxía Clásica	28,57%	19,40%	46,56%	44,09%	16,91%	12,5%	21,01%
Grao en Lingua e Literatura Españolas	25,72%	18,66%	45,11%	43,31%	15,91%	13,64%	20,14%
Grao en Lingua e Literatura Galegas	27,34%	18,90%	48,78%	45,90%	15,91%	15,22%	20,59%
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	28,03%	18,94%	49,22%	44,44%	16,42%	12,23%	21,13%
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	25,95%	16,67%	48,09%	44,96%	16,79%	13,97%	20,00%
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	22,22%	13,16%	34,15%	21,62%	12,50%	4,76%	4,88%
Master Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	41,67%	9,09%	57,14%	50%	20,83%	13,04%	13,04%
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	12,90%	3,13%	30%	28,57%	10,34%	7,69%	11,11%
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	19,05%	13,64%	55%	50%	4,55%	14,29%	13,04%

Táboa 11– Porcentaxe de participación do profesorado nos plans de formación.

Algunha outra información xeral sobre a Facultade, correspondente ao curso 2023-2024, pode ser relevante:

- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total na Facultade: 87,44% (ano anterior: 88,70%).
- Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total: 90,48% (semellante no ano anterior 92,34 %)
- Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) funcionario sobre o PDI total: 67,69 (71,9 no ano anterior)

No que se refere ás proporcións por categorías profesionais, cabe apuntar que 43 catedráticos/as desempeñan a súa función docente e investigadora (1 máis que no curso anterior), 57 como titulares (62 no curso anterior). A Facultade conta con 25 contratados/as doutores. Conta tamén con contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (programas FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). Véxase a táboa 12, referida ao PDI por Departamento, neste sentido e para mais detalle. Verifícase aínda a existencia de desequilibrio evidente na carga docente entre as distintas áreas (vid. informes de seguimento). Por outro lado, catro departamentos da Facultade de Historia imparten docencia na Facultade de Filoloxía. A distribución do conxunto está do seguinte modo, en relación ao Departamento en que se integra:

Tipo de profesorado	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana	Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá	Departamento de Filoloxía Galego-Portuguesa	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
Eméritos	1	2	2	3
Catedrático U.	9	11	11	12
Titular U.	13	15	18	11
Permanente Laboral	3	3	5	6
Colaboradores	1	1		
Contratado interino T3 /substitución	6		2	
Profesorado Substituto P6		1		1
Contratado interino /Vacante		1		
Axudante Doutor		3	4	2
Investigador María Zambrano				

Juan de la Cierva				1
Lectores	3	5	3	
Posdoutoral Xunta				2
Predoutoral Ministerio		5	1	6
Predoutoral Xunta	6		6	5
Ramón y Cajal				1
Margarita Salas		1	1	
Contratado laboral		1		

Táboa 12 – Censo profesional do PDI da Facultade de Filoloxía

Os datos de mobilidade (entrantes e saíntes) son baixos. No curso 2022- 23, as reunións telemáticas seguen sendo numerosas. A porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título segue baixa; con todo, aumentou durante o curso 23/24. Os datos sobre o profesorado das titulacións que máis participaron son estes:

- Grao en Filoloxía Clásica 10% (- no curso anterior)
- Grao en Linguas e Literaturas Modernas: 29,41% (4 % no curso anterior);
- Grao en Lingua e Literatura Españolas: 12 % (10,64% no curso anterior);
- Grao en Lingua e Literatura Inglesas: 6,67% (2,86% no curso anterior)
- MELC: 23,08 % (5 % no curso anterior)
- IMAES: 8,7 % (4,35% no curso anterior)
- MEME 3,7% (- no ano anterior)
- MILA 20,0% (- no ano anterior)

A Facultade de Filoloxía conta con 23 grupos de investigación cuxos dados (membros, proxectos, publicacións, actividades) están accesíbeis na páxina web. Durante o curso 2023-2024 celebráronse distintos eventos, que inclúen congresos e simposios, seminarios, conferencias, cursos e xornadas (vid. páxinas web e informes de seguimento dos títulos).

Para a análise detallada por título, vid. autoinformes de seguimento:

Autoinforme do GFCL (p.13)
Autoinforme do GLLE (p. 21)
Autoinforme do GLLG (p. 14)
Autoinforme do GLLI (p. 17)
Autoinforme do GLLM (p. 8)
Autoinforme do MEME (p. 20)
Autoinforme do MELC (p. 20)
Autoinforme do IMAES (p. 72)

No marco do SEFORIN (Seminario de Formación e Innovación), realizáronse as actividades seguintes:

- Pasaxes. Seminario permanente de Teoría literaria e Análise cultural é unha iniciativa do grupo de investigación Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela: “Borges, obra y maniobras mediáticas (1976-1986 y posteridad)” no marco do proxecto de investigación «La inscripción de la memoria cultural en el espacio público: Estrategias de consumo institucional del pasado literario (1837-1978)» (PID2021-127259NB-I00, MCINN). Sala B13 da Facultade de Filoloxía os días 14 e 15 de decembro entre as 11:30 e as 13:30.
- Proxección do filme de César Souto, A Foreign Song (Premio á Mellor Película Española no Festival de Cinema de Gijón-FICX), e máis dunha breve conferencia do director na que procurará encadrar a poesía de Wallace Stevens, obxecto do filme, dentro das manifestacións artísticas do seu tempo. A actividade celebrarase no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía. O vindeiro 14 de febreiro, entre as 16 e as 18,15 horas terá lugar unha actividade promovida pola Comisión Académica do Mestrado de Estudos da Literatura e da Cultura.
- Simposio Internacional "O que virá". Conversas sobre literatura actual (e por nacer) que terá lugar os días 29, 30 e 31 de maio. O Simposio Internacional “O que virá” –homenaxe á ensaísta e profesora arxentina Josefina Ludmer– é unha actividade académica e formativa na que os e as participantes exporán distintas perspectivas críticas e teóricas da literatura contemporánea, cun especial interese pola latinoamericana. As súas achegas fornecerán o debate sobre cuestións formais, tipolóxicas, editoriais, ecolóxicas, estéticas e culturais que están a adquirir unha maior presenza nos diferentes polisistemas literarios actuais. Persoa reponsable: Prof. Paulo Gatica Cote.
- Pasaxes. Seminario permanente de Teoría literaria e Análise cultural. O especialista en estudos teatrais Jorge Dubatti (Universidade de Buenos Aires), impartirá a conferencia “Acontecimiento teatral y territorialidad”. O acto celebrarase na sala B03 da Facultade de Filoloxía o 6 de maio ás 12:00hs. Ademais, o mércores 8 de maio (12-14hs) o profesor Dubatti ofrecerá un seminario aberto ao PDI e ao alumnado de doutoramento e mestrado na sala B13 titulado “Filosofía del Teatro y Estudios Comparados de Expectación”. Persoa responsable: Prof. Paulo Gatica Cote.

4.2. Persoal de apoio.

O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender docentes e discentes, investigadores e estudantado das diversas titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento que se ofrecen no centro. Conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. A institución ofrece oportunidades a este persoal para actualizarse e continuar coa súa formación, co obxectivo de aprimorar o seu labor de soporte no proceso de ensino-aprendizaxe. A estrutura do persoal de Administración e Servizos é a que segue (Táboa 13):

Rama	Posto	Nº	Relación Contractual	Grupo/ Categoría
Administración	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	1	Funcionario	C1/A2/A1
	Responsable de Asuntos Económicos	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Decanato	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Departamento	4	Funcionario	C1

	Postos base	2	Funcionario	C2
Servizos	Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos	1	Laboral	Grupo 4
	Axudante Técnico de Servizos	3	Laboral	Grupo 4

Táboa 13 - PTXAS Facultade de Filoloxía

Como xa foi indicado en informes de anos anteriores, o cadro de persoal de administración e servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Con todo, un apoio informático suplementario podería ser de gran utilidade. A Facultade conta actualmente con un técnico informático adscrito à Área de Tecnoloxía da Información e Comunicación da USC de apoio para o mantemento do equipo técnico.

O persoal auxiliar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como aos alumnos.

O persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta insuficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a Biblioteca, tanto de apoio a aprendizaxe como no eido do apoio a investigación.

Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao POI.

- Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido.

A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos.

O persoal da Biblioteca está composto por:

Rama	Posto	N!!	Relación contractual	Grupo/Categoría
Biblioteca	Dirección da Biblioteca	1	Funcionario	AI/A2/CI
	Axudante Biblioteca	3	Funcionario	A2/CI
	Auxiliares Biblioteca	6	Funcionario	CI

Na enquisa de satisfacción do PAS do curso 2023-2024 obsérvase un nivel medio de satisfacción alto co seu traballo, similar á media da USC. A satisfacción xeral do PAS da Facultade de Filoloxía no curso 2023-2024 foi de 3,88, lixeiramente máis baixa que no curso 2023-2024 (cando foi de 4,10).

A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación, co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio ao proceso de ensinanza- aprendizaxe. O Servizo de Planificación e Programación de Persoal de Administración e Servizos dá USC solicita a todos os Servizos e Unidades Administrativas propostas de cursos de formación. Estes cursos son organizados e ofertados pola Universidade. A Xunta de Galicia, a través da Escola Galega de Administración Pública, organiza cursos de formación destinados ao persoal de administración e servizos das tres universidades galegas. A porcentaxe de participación do PAS da Facultade de Filoloxía en actividades de formación foi algo inferior ao do curso anterior: 58,33% en 2023-2024; 70,83% en 2022-2023, 54,55% en 2021-2022 (Táboa 14).

2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
44,00%	53,85%	66,67%	43,48%	54,55%	70,83	58,33%

Táboa 14 - Porcentaxe de participación do PAS nos plans de formación

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríentano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

5.1 Calidade nos recursos materiais e servizos.

Existe unha Comisión de Asuntos Economía e Infraestruturas, formada por representantes do equipo decanal, PDI, PAS e alumnado e séguense os procedementos descritos no SGC do centro. Os recursos materiais e servizos previstos nas MVT adaptáronse a novas esixencias e revísanse periodicamente.

A Facultade de Filoloxía conta con infraestruturas e uns recursos materiais –aulas, laboratorios, seminarios docentes, salas de lectura..., véxase a páxina web– e outros recursos documentais (biblioteca) e informáticos (campus virtual) adecuados, en xeral, a pesar dalgúns deficiencias estruturais. Algúns gabinetes e parte da biblioteca, por exemplo, non son accesíbeis para persoas con discapacidade motriz. Enfrentando esta debilidade estáse levando a cabo unha reforma na biblioteca, xa

contemplada nas accións de mellora do informe correspondente ao 22/23, pero que se completarán cunha nova acción no presente informe. Por outra banda, a maioría das salas foran construídas en bancadas, perfeitas para as clases expositivas pero pouco adaptadas a unha docencia máis participativa, circunstancia que tamén animou á reforma dunha parte da hemeroteca da Facultade que pasará a ser salas de aula de acordo co que se inidca na acción de mellora correspondente. O acceso a internet está dispoñíbel en toda a Facultade e existe un mecanismo de reserva de espazos accesíbel desde a secretaría virtual.

Realizouse unha renovación dos espazos administrativos para xuntar as distintas unidades de xestión (rematada en 2023). Cabe subliñar que o servizo de reprografía é común a distintos centros do campus norte e sitúase na facultade de ciencias económicas e empresariais.

Tanto o profesorado como o alumnado está en xeral satisfeito cos recursos materiais do centro (vid. autoinformes de seguimento).

Durante o curso 2023/2024 fíxonse o seguinte investimento conducinte a mellorar a Facultade:

AUTORIZACIÓN	DATA	PROVEEDOR	IMPORTE	CONCEPTO	PARTIDA
CM2350400464	03/11/2023	DIGAMEL SA	224,57	Tubo LED T8 EM VALUE 1200 15W 840 1800LM	22100
CM2350400498	28/11/2023	González Taboada, Sergio	6164,38	2 monitor 75" e 4 cámaras	62600
CM2350400499	28/11/2023	GONZÁLEZ TABOADA, SERGIO	1567,23	Cable, cableado e servizo de instalación, material funxible e canalizados	62600
CM2350400504	30/11/2023	Rodríguez Noya, Luis Ángel	751,45	Traballos de pintura	
CM2350400505	30/11/2023	VISUAL PROJECT MANAGEMENT SLNE	9539,78	Subministro de mobiliario salas	62600
CM2350400506	30/11/2023	SARPEL INGENIERÍA, S.L.	6480,87	Modificación de instalacións eléctricas nos seminarios da Facultade de Filoloxía	21500
CM2450400143	02/01/2024	RENTOKIL INITIAL ESPAÑA S A	820,37	Control de plagas 2024	21200
CM2450400041	07/02/2024	SARPEL INGENIERIA, S.L.	1.558,78	Suministro e instalación de 9 regletas de corrente empotradas nas mesas de traballo, do tipo	301A
CM2450400042	07/02/2024	CIE TECNOLOGIAS, SLU	4.802,27	Instalación tomas de rede na reforma de despachos na Biblioteca (pta.1) en Filoloxía	301A
CM2450400043	07/02/2024	CYS HISPANIA SL	16.801,36	Obra completa para a creación e instalación dunha porta na Biblioteca	301A
CM2450400054	09/02/2024	GONZALEZ TABOADA, SERGIO	1.844,04	1 Monitor 75" Philips B-Line para sala común	62600
CM2450400055	09/02/2024	DIGAMEL SA	89,54	20 LAMP. VALUE CLAS.A100 13W/865 E27 1521LM	22100
CM2450400056	09/02/2024	FERRETERÍA BOEL, S.L.	470,76	Material de ferraxería para a conserxaría da Facultade de Filoloxía no exercicio 2024	22100
CM2450400099	06/03/2024	FERRVA-HERRAJES, S.L	1.345,46	Cilindros de pechaduras e amaestramento de chaves	301A
CM2450400106	14/03/2024	CIE TECNOLOGIAS, SLU	347,35	Instalación de cableado na Sala de Revistas (Biblioteca) da Facultade de Filoloxía	301A
CM2450400107	14/03/2024	CIE TECNOLOGIAS, SLU	60,84	Man de obra adicional de instalador de cableado	301A
CM2450400108	14/03/2024	CIE TECNOLOGIAS, SLU	1.254,13	Subministro e instalación de cableado	301A
CM2450400159	11/04/2024	VILLA GONZALEZ, JAVIER	329,91	Equipamento de microondas e cafeteiras para a Facultade de Filoloxía	62600
CM2450400153	25/04/2024	CYS HISPANIA SL	1.604,11	Mantemento e limpeza Soportales Facultade	21500
CM2450400091	27/02/2024	DIGAMEL SA	202,92	30 Tubo LED ST8V EM 1500 18.3W 840 2200LM e 30 Coste RAEE lámpadas	22100
CM2450400225	29/05/2024	HIJOS DE C. V. OTERO, S.L.	96	Velcro adhesivo	22100
CM2450400235	03/06/2024	TORRES CIDRANES, BERNARDO	4.546,57	Por espuma e tapizar 74 cadeiras	21500
CM2450400241	05/06/2024	FRAGA CONSTRUCCIONES METAL Y PVC	1.133,98	Son para cambiar as barras antipático das portas do vestíbulo que dan ó norte.	301A
CM2450400240	05/06/2024	SARPEL INGENIERIA SL	914,76	Instalación de tomas de corrente en mesados de la biblioteca de Filología,	301A
CM2450400242	06/06/2024	EUN SISTEMAS, S.L.	982,35	Estantes para a biblioteca	62600
CM2450400265	18/06/2024	GELPI PAZ, ALBERTO	159,66	Cristais, transporte e colocación mapa de Fontán	62600

CM2450400285	08/07/2024	CYS HISPANIA SL	5.871,10	Arranxo e adaptación de estanterías, mesas e máis mobiliario	301A
--------------	------------	-----------------	----------	--	------

O Campus Virtual, proporcionado polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, ofrece actividades formativas, no marco do Plan de Formación e Innovación Docente. En xeral, este servizo é valorado positivamente. A nivel de dotacións de apoio, cabe destacar os Servizos de Participación e Integración Universitaria, o Servizo de Prevención de Risco, a Oficina de Igualdade de Xénero, os Servizos de orientación académica e orientación profesional (OIU), a unidade de Axudas e Servizos ao Alumnado, o Servizo Universitario de Residencias (SUR), a Área de Orientación Laboral e Emprego, e o Servizo de Xestión Académica - UXA Norte.

Relativamente á prevención de riscos, o plan de autoprotección foi revisado de maneira satisfactoria no ano 2023.

Respecto a realización de prácticas externas, xa mencionamos que o grao de satisfacción é positivo e as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias (vid. autoinformes de seguimento).

Ao nivel do campus norte, cabe destacar que boa parte das propostas de mellora recollidas no informe Campus Norte: infraestruturas, servizos e necesidades (Grupo de Traballo Campus Norte 7 de abril 2021) seguen de actualidade.

No que se refire á biblioteca da Facultade de Filoloxía, é un centro de recursos de información que ten como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información.

A Biblioteca de Filoloxía, presta os seus servizos aos seguintes usuarios e titulacións: 1735 estudantes e 168 profesor@s.

As principais áreas de coñecemento representadas nos fondos da Biblioteca son: Filoloxía Española, Filoloxía Francesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Portuguesa, Filoloxía italiana, Filoloxía Románica, Filoloxía Alemá, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Latina, Filoloxía Grega, Lingüística e Teoría da Literatura

A Biblioteca da Facultade de Filoloxía é un centro de recursos de información que ten como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información.

A súa visión é ofrecer servizos de calidade que sirvan de apoio aos estudantes da facultade na súa formación e aos profesores e investigadores en todo o proceso de creación de coñecemento. Debe converterse nun centro activo de recursos que fomenta o aprendizaxe e a investigación, aberto ao futuro e innovador. Debe ser visto como un espazo de inclusión e diversidade onde se fomenta a aprendizaxe intercultural e a cooperación entre os distintos membros da Facultade e de toda a comunidade universitaria.

Segundo o Regulamento de Réxime interno da Facultade de Filoloxía da USC (2020), "a Facultade de Filoloxía é un centro encargado do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais de grao e mestrado do ámbito dos estudos filolóxicos adscritos a ela". A Biblioteca da Facultade de Filoloxía debe contribuír, apoiar e prestar os seus servizos para a consecución dos ditos obxectivos.

A Biblioteca de Filoloxía, presta os seus servizos aos seguintes usuarios e titulacións:

TITULACIÓNS	ALUMNOS	PROFESORES
Grao en Lingua e Lit. Españolas	307	52
Grao en Lingua e Lit. Galegas	224	45
Grao en Lingua e Lit. Inglesas	491	53
Grao en Filoloxía Clásica	57	33
Grao en Ling. e Lit. Modernas	292	
Máster Univ. en Est. Med. Europeos		31
Máster Univ. en Est. da lit. e da Cultura		26

Máster Univ. en Est. Ingleses Avanzados	28
Máster Univ. en Lingüística Aplicada	13
Máster Univ. Erasmus Mundus en Lexicografía	8
TOTAL USUARIOS	1.448 179

As principais áreas de coñecemento representadas nos fondos da Biblioteca son:

Filoloxía Española, Filoloxía Francesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Portuguesa, Filoloxía italiana, Filoloxía Románica, Filoloxía Alemá, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Latina, Filoloxía Grega, Lingüística e Teoría da Literatura.

Os fondos bibliográficos da Biblioteca de Filoloxía están divididos en:

- Unha colección básica destinada ao estudo, composta principalmente, polas bibliografías recomendadas así como polos manuais de uso máis frecuente, os dicionarios e enciclopedias e os libros de lectura obrigatoria.

Esta colección ten presuposto propio, está situada na Sala de Lectura da Biblioteca e é de acceso directo para todos os usuarios. É a sección coñecida como Frecuente.

- Outra colección formada, principalmente, polas obras destinadas á docencia e investigación. Se adquiren co presuposto asignado nos orzamentos da BUSC e polos fondos destinados á adquisicións bibliográficas do diñeiro que transfire a facultade, dos proxectos de investigación e os presupostos dos departamentos.

Habería que destacar tamén, ademais dos libros que ingresan por compra na biblioteca, os numerosos donativos que recibe tanto de entidades, fundacións, persoais,....

No ano 2023 ingresaron na biblioteca da Facultade de Filoloxía un total de 1.970 monografías en papel.

Esta colección está situada no andar -1 e o seu acceso está restrinxido ao persoal autorizado. Unha pequena parte está tamén situada na Sala de lectura. No andar -1 están situadas tamén a maior parte das revistas pechadas en módulos compactos.

No andar 1 atópanse as publicacións periódicas, tanto en curso como algunhas canceladas, e o seu acceso é libre.

No andar 2 atópanse a Sala de Investigadores coa Sección Reserva, a Cátedra Valente e a Cátedra Valle-Inclán. O acceso ás Cátedras está restrinxido.

As coleccións da Biblioteca, comprenden máis de 211.000 volumes de monografías e máis de 2.600 títulos de revistas, das que 161 están en curso de recepción.

Conta tamén con importantes bases de datos:

Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts (LLBA), Lion Literatura Online, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae (TLG) e Thesaurus Linguae Latinae (TLL).

Habería que destacar a importancia da biblioteca universitaria na formación académica, concibida como un espazo de aprendizaxe e onde o estudante atopa todas as ferramentas que vai manexar durante a súa vida universitaria e unha delas é a bibliografía recomendada.

Estas bibliografías están formadas por todas aquelas obras que os profesores recomendan nas guías docentes das materias de grao e máster que se imparten na facultade. A biblioteca facilitará aos alumnos o acceso aos documentos ou literatura fundamental que necesiten.

Os programas das materias para o curso 2023-2024 foron aprobados en Xunta de Facultade o día 2 de xuño de 2023.

A partir desta data, a biblioteca revisa estas materias e realiza unha selección de documentos de todo tipo, recomendados nas guías docentes, para proceder á adquisición das obras que non formen parte dos fondos da biblioteca, sobre todo no caso das bibliografías recomendadas.

Nas enquisas realizadas pola Biblioteca a finais de xuño ao PDI e alumnado do Centro, en relación co grao de satisfacción cos recursos ofrecidos, os resultados foron:

- o 81 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) respecto á dispoñibilidade das bibliografías recomendadas polo profesorado na biblioteca.
- o 93% do alumnado cualifica entre 7 e 10 os recursos dos que dispón para os seus estudos.
- o 93 % dos alumnos cualifican á biblioteca cun 7-10.
- a valoración global da biblioteca, para o PDI, é de 9-10 para o 80%.

O Plan de Melloras dos dous últimos anos contemplaba varias obras no edificio en consonancia co antigo PEP da facultade (“optimizar o uso de infraestruturas” e “compartir recursos e infraestruturas entre a USC e as cidades que acubillan os Campus”). Realizáronse boa parte das obras planificadas: apertura dun espazo de encontro para PAS e PDI, que ten a vocación de facilitar os intercambios entre os membros da facultade e impulsar posíbeis dinámicas colaborativas; apertura de espazos de traballo para estudantes e grupos de investigación; apertura dun espazo de traballo de apoio ás cátedras institucionais vinculadas á facultade; autonomización do acceso á biblioteca para garantir o seu funcionamento con independencia do horario do edificio; espazo de encontro para o estudiantado. No informe do curso pasado hoube, sen embargo, que prorrogar algunha destas accións que deben prorrogarse de novo: a máis significativa é a reparación e mellora das envoltentes do edificio, para corrixir problemas de humidade e temperatura...

5.2 Orientación académica.

En xeral, os servizos de orientación son apropiados. Ademais, os/as coordinadores/as de todos os niveis, así como o profesorado e o PAS en xeral participan na orientación do alumnado sobre distintos aspectos.

5.3 Xestión académica.

En xeral, os servizos de xestión académica son apropiados.

5.4 Programas de acollida.

Durante o curso 23/24 levamos a cabo acción de acollida para o estudiantado de novo ingreso, estudiantado de mobilidade nacional e internacional. Asímesmo, as coordinacións de titulacións de grao organizan de xeito regular duranteo curso accións de acollida do estudiantado de novo ingreso.

5.5 Prácticas externas.

A realización de prácticas externas non é obrigatoria nas titulacións que se imparten na Facultade. En todo caso, as instalacións nas que se levan a cabo son adecuadas para a adquisición das competencias.

5.6 Satisfacción nos recursos e servizos.

Non recibimos durante o curso 22/23 queixas ou suxestións relativos aos recursos materiais e servizos.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

6.1. Recollida, análise e utilización da información.

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía e na da USC. A información pública de toda a USC responde á demanda de diferentes grupos de interese, tanto externos (futuros estudantes, estudantes egresados, entidades sociais), como internos (estudantes, PDI e PAS), e está accesíbel a través de internet, o medio de difusión pública máis importante que utiliza. Tense en conta a diversidade de perfís posíbeis, como alumnado procedente do ensino medio, doutras universidades do Estado español ou descendentes de galegos emigrados e estudantes maiores de 25 a 50 anos (IV Ciclo Universitario).

6.2. Publicación da información

A renovación da páxina web da USC, iniciada en 2020-2021, supuxo a introdución de modificacións importantes na presentación e nos procedementos de publicación de información na web da USC, e máis especificamente nos da Facultade de Filoloxía. O acceso a este espazo realízase a través da páxina web da USC na opción Centros. Desde a páxina principal da Facultade de Filoloxía ofrécense acceso a diversos contidos:

- a) Catro pestanas na marxe superior dan acceso a información sobre o centro, os estudos ofertados (titulacións de grao e máster), a organización académica (calendarios, horarios, Plan de Acción Titorial (PAT), prácticas, mobilidade, TFG, TFM) e calidade (calidade, política de calidade, órganos do SGC, indicadores, enquisas de satisfacción, documentación do SGC).
- b) Na columna da dereita unha ligazón conecta coa intranet (de acceso restrinxido para a comunidade universitaria), á biblioteca e a diversos vídeos informativos sobre os estudos ofrecidos na Facultade (vídeo explicativo sobre os graos de Filoloxía ou vídeos informativos de materias da Facultade).
- c) Na metade inferior, no primeiro nivel ofrécense acceso ao folleto explicativo sobre as titulacións de grao da facultade, as táboas de convalidación, adaptación e recoñecementos, o concurso literario Mazarelos, os exames CAPLE, o boletín semanal e os actos do 50 aniversario da Facultade. No segundo nivel recóllense noticias e a axenda.
- d) No nivel seguinte pódense achar ligazóns directas aos estudos de grao e máster ofrecidos no centro.
- e) Finalmente, ofrécense ligazóns aos distintos grupos de investigación con sede na facultade.

O acceso á páxina das titulacións pódese facer a través da ligazón situada na pestana superior “Estudos” ou a través da ligazón directa aos estudos no terceiro nivel da metade inferior. A información organízase da seguinte maneira:

- a) Na parte superior ofrécense ligazóns a información sobre Admisión e matrícula, Normativa, Bolsas e axudas, Vídeos informativos (esta última ligazón ofrece información sobre a estrutura da titulación e as distintas modalidades en que

se pode cursar) e información xeral.

b) Na metade inferior, ofrécense ligazóns á Presentación (Información xeral con ligazón á Memoria da titulación), Plan de estudos por curso (acceso a información sobre cada materia: programas, profesorado, horarios, exames e titoría de cada unha delas organizada por curso), Plan de estudos por módulos (ofrece a mesma información pero organizada por módulos), Oferta e admisión (Perfil de ingreso, Criterios de acceso e admisión, Número mínimo de créditos ECTS de matrícula por estudante e período lectivo, Acción titorial e acollida, Criterios de suspensión do título), Recursos materiais, Obxectivos e competencias, Movilidade e prácticas, Saídas profesionais, Traballo de Fin de Grao, Equipo docente (listaxe do profesorado con ligazón ás súas fichas), Indicadores de calidade (Ingreso, Movilidad, Prácticas, Resultados, Recursos humanos).

O acceso á a intranet prodúcese desde a web principal da facultade, na columna da dereita debaixo da foto. O acceso está restrinxido á comunidade universitaria da USC. Conta cos seguintes menús:

- O centro: pódese acceder a horarios de ocupación das aulas.
- Goberno e Xestión: destinada a albergar información sobre o goberno da Facultade e as comisións relacionadas (Xunta de Facultade e Comisión Permanente).
- Información académica: contén a documentación relacionada co TFG/TFM e prácticas das distintas titulacións da Facultade.
- Comisións: información e actas das distintas comisións académicas de graos e másteres da Facultade.
- Mobilidade: contén información sobre os distintos programas de mobilidade da Facultade.
- Eventos: Información sobre as distintas actividades programadas no centro.
- Actualidade: información sobre as últimas actividades académica e administrativas da Facultade.

Ademais da internet, utilízanse outros medios para dar publicidade á información sobre distintos aspectos relativos ás titulacións:

- Redes sociais (Bluesky, Instagram).
- Boletín de información semanal
- Paneis como soporte para a información en papel xerada pola propia facultade e por organismos e entidades que queiran dar a coñecer as súas actividades ou servizos de interese para o alumnado e persoal da Facultade.
- Pantallas informativas na entrada do Centro e corredores con información sobre novidades na USC e na Facultade, e sobre actividades que poidan resultar de interese para os diversos colectivos; no curso actual instaláronse tamén pantallas na parte central dos corredores que conducen ás aulas.
- Accións de difusión da información entre colectivos externos á Facultade, especialmente estudantes potenciais: os asistentes ás charlas informativas destinadas aos ensinos medios na Facultade dentro do programa A Ponte entre ou ensino medio e a USC, institutos de ensinos medios, etc.
- Sesións informativas para orientar aos estudantes nas distintas fases da súa estancia na Facultade; sobre mobilidade, prácticas externas, elección de itinerario, información sobre oferta de másteres, elaboración do TFG, acto de presentación para o alumnado de primeiro, para o alumnado dos mestrados.
- Correos á lista de distribución e publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos.
- Será finalmente digno de estima observar que algúns títulos apresetan páxinas web propias (iMAES, MEM).

Detectadas deficiencias na comunicación da información xeral, planificouse unha acción de mellora (enviar un boletín semanal, incrementar o uso das redes sociais, evitar duplicidade na difusión, direccionamento da información nas salas de aula polos/as coordinadores/as de título, de curso) no curso 2022-2023 que se implantou no pasado curso 2023-2024 para mellorar a difusión da información.

A Facultade considerou necesario racionalizar e reforzar o protocolo de información. Dado o exceso de información (ás veces multiplicada) que cada un de nós recibe diariamente a través do correo-e, a Xunta de Facultade aprobou xestionar de maneira eficiente a información que se difunde desde o Decanato e establecer un protocolo de procedemento da recepción e envío de información á comunidade do centro. Os criterios para a selección da información, susceptible de ser divulgada polo decanato, pasan en primeiro lugar porque a información estexa relacionada sempre con actividades non ordinarias de índole académica, cultural ou de interese xeral para a comunidade do centro ou algún dos seus colectivos. Neste sentido, serán obxecto de información:

- 1) Actividades que teñan lugar na facultade de Filoloxía.
- 2) Noticias ou información sobre convocatorias, concursos etc., de interese para a Facultade de Filoloxía relativas ao PDI, PAS e/ou estudantado.
- 3) Actividades académicas ou de extensión realizadas por membros (PDI, PAS, estudantado) da Facultade de Filoloxía nesta ou noutras sedes da USC.

As informacións e actividades que precisen difusión por parte do Decanato deben ser notificadas ao enderezo: filoloxia.decanato@usc.gal, utilizando un formulario modelo no cal se indican os detalles da actividade (vid. <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/protocolo-distribucion-informacion>).

Todos os venres pola mañá o Decanato prepara un boletín de novas coas informacións e actividades recibidas ata as 12.00 horas do venres desa semana. Éste enviase a toda a comunidade o luns por correo electrónico. O mesmo boletín queda ao dispor da Facultade na páxina web pública, na Intranet, na rede social X e nas pantallas (vid. modelo).

6.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

O boletín recibiu unha moi boa acollida por parte do conxunto da comunidade (PDI, PAS, estudantado), como o indican a valoración da Comisión de calidade de Centro, as mensaxes de satisfacción recibidos no decanato (o máis valorado: a claridade e a concentración da información nunha única mensaxe recibida semanalmente), e o aumento de seguimento na rede social relativa a todos os sectores que participan na elaboración do boletín.

A elaboración e difusión do boletín sométense a avaliación e eventuais axustes e melloras por parte das instancias responsábeis da calidade de maneira periódica (excluíndo informacións relativas a eventos de calquera tipo alleios á Facultade de Filoloxía, mas establecendo excepcións aos criterios xerais seguindo o protocolo aprobado pola Xunta de Facultade, como o protocolo de difusión na rede social Instagram, por exemplo).

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 48 de 57

6 Plan de Melloras do centro

Obxectivo a conseguir: Revisar as memorias de grao para a súa adaptación ao Real Decreto 822/2021 e propostas de modificacións substanciais e non substanciais relativas á planificación das ensinanzas			
Responsable do obxectivo: Elias José Feijó		Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 1/12/2025
Obxectivo relacionado	estratéxico OE 2.1. Robustecer e mellorar as titulacións da Facultade de Filoloxía e a súa calidade		
Procesos clave relacionados	AC 2.1.1. Favorecer a creación dun grupo de traballo que reflexione, a partir de propostas recibidas do PDI, do estudiantado e do Comité Consultivo, sobre as posibles modificacións das titulacións que se imparten na Facultade de Filoloxía coa finalidade de mellorar a calidade docente		
Indicador/es de medición	Participación PDI/estudiantado	Meta a conseguir	Lograr impulsar propostas de modificación encamiñadas a modificar un 10% das materias que se imparten na Facultade.
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-01 (Curso 2024-2025)		

Obxectivo a conseguir: Mellorar a estratexia de captación estudiantado Educación Secundaria e Bacharelato Xornadas de “Ciencia colaborativa para novos/as investigadores/as”			
Responsable do obxectivo: Rosa Marta Gómez Pato, María Luz Zas Varela		Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 31/7/2025
Obxectivo relacionado	estratéxico OE 2.2 - Adaptar e actualizar a oferta formativa da Facultade de Filoloxía ás necesidades da sociedade		
Procesos clave relacionados	AC 2.2.3 Desenvolver o programa piloto iniciado no ano 2024 do Campus Conciencia que permite levar a cabo a actividades		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 49 de 57

	dirixidas ao ensino secundario que permitan estreitar os vínculos co profesorado e o estudiantado desta etapa educativa		
Indicador/es de medición	Participación no conxunto de actividades propostas	Meta a conseguir	Lograr que aumente un 1% a nota de PAU de acceso
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-02 (Curso 2024-2025)		

Obxectivo a conseguir: Modificar a normativa de TFG da Facultade como consencuencia da modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de Grao e fin de Máster na USC			
Responsable do obxectivo: Rosalía Meitín Suárez		Data inicio: 2/9/2024	Data fin: 30/6/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	OE 2.2 - Adaptar e actualizar a oferta formativa da Facultade de Filoloxía ás necesidades da sociedade		
Procesos clave relacionados	AC 2.2.1. Elaboración da nova normativa TFG.		
Indicador/es de medición	Enquisas TFG. Programas da materia	Meta a conseguir	Lograr que diminúa nun 5% o estudiantado que abandona o TFG
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-03 (Curso 2024-2025)		

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-01	Propostas de Mellora	Revisión das memorias de grao para a súa adaptación ao Real Decreto 822/2021 e propostas de modificacións sustanciais e non sustanciais relativas á planificación das ensinanzas	En construción	Elias José Feijó Torres	1/10/2024	1/12/2025
AM-02	Propostas de Mellora	Mellorar a estratexia de captación estudantado Educación Secundaria e Bacharelato Xornadas de “Ciencia colaborativa para novos/as investigadores/as”	En construción	Rosa Marta Gómez Pato, María Luz Zas Varela	1/10/2024	31/7/2025
AM-03	Porpostas de Mellora	Modificar a normativa de TFG da Facultade. O Consello de Goberno da USC aprobou o 24/07/2024 a modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de Grao e fin de Máster na USC. Como consecuencia deste acordo unha das accións de mellora que propoñemos é a modificación de normativa de TFG da Facultade de Filoloxía para o curso 2024/2025.	En construción	Rosalía Meitín Suárez	2/9/2024	30/6/2025

7 Modificacións nos diferentes títulos

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS GLLE	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
1. Modificación descritores nas materias do área de Literatura española pertencentes ao Maior do GLLE <i>Introducción á historia da Literatura española e Literatura española do século XV e poesía do XVI</i>. 2. Modificación dos descritores das materias do área de Lingua española pertencentes ao módulo de Formación Básica <i>Lingua española 1 e Lingua española 2</i>. 3. Cambio de CLIS (clases interactivas de seminario) no lugar de CLIL (clases interactivas de laboratorio) na materia do área de Lingua española pertencente ao Maior do GLLE: <i>Fonética e fonoloxía do español</i>. 4. Cambio nos descritores das materias do área de Lingua española pertencentes ao Maior do GLLE: <i>Gramática española 1: clases de palabras; Gramática española 2: Sintaxis; Gramática española 3: Morfoloxía do español; Análisis do discurso; Lexicoloxía e lexicografía do español; Fonética e fonoloxía históricas do español; Gramática histórica do español</i>. 5. Cambio de cuadrimestre de varias materias do área de Lingua española pertencentes ao Maior do GLLE: <i>Gramática española 3: Morfoloxía do español</i> (3º curso, do 2º ao 1º C); <i>Fonética e fonoloxía históricas do español</i> (do 3º C., 1º C, a 4º C., 1º C); <i>Gramática histórica do español</i> (do 4º C., 1º C. ao 4º C., 2º C.). 6. Cambio da materia da área de Lingua española do Maior do GLLE <i>Diacronía da gramática e do discurso</i> por <i>Introducción á historia da lingua</i>	1. Cambios nos descritores para reducir a amplitude temática que teñen actualmente. Axústanse os contidos. 2. Os descritores da memoria e, por tanto, os contidos, non parecían servir ao obxectivo nivelador con que foron creadas; provocaban no estudantado a sensación de estar a facer incursións repetitivas nos mesmos contidos. Preténdese reducir a amplitude e dispersión temática que tiñan os descritores. 3. Cambio para adecuar o tipo de clases interactivas á realidade. 4. Actualización dos contidos e mellora da coordinación entre materias de distintos niveis. 5. A través das materias que conforman o módulo <i>Historia da lingua española</i>, distribuídas nos dous últimos cursos, preténdese que os estudantes coñezan os aspectos básicos da estrutura da lingua española na súa vertente diacrónica. Os cambios de cuadrimestre débense á necesidade de mellorar a coordinación entre materias e niveis. 6. Esta materia concíbese como un elo previo e necesario para abordar as materias diacrónicas que estudan a evolución do español: <i>Fonética e Fonoloxía históricas do español e Gramática histórica do español</i>. 7. Cambios nos descritores para reducir a amplitude temática que teñen actualmente. Axústanse os contidos.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 52 de 57

<i>española, materia de nova creación.</i> 7. Cambio no descriptor e axuste nos contidos da materia da área de Lingua española de carácter optativo <i>Ensino do español como lingua estranxeira.</i> Modificación_Descriptores de Literatura española Modificación_Materias área de Lengua española Modificación_Materias básicas Lengua española Modificación_MINOR_Lengua y Literatura españolas Estas propostas foron aprobadas xa no curso 2023-2024 pola CA do GLLE do 17.11.2023 e na sesión da Comisión de Calidade do centro do 21.11.2023. Unha vez remitido o informe coa solicitude de modificacións correspondente á ACSUG, foi recibido informe favorable desta axencia con data 04.04.2024 .	
---	--

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 53 de 57

8 Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_-
			INF.16_- (información por título)
			INF.CiUG_- (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_- (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_-
			INF.03_- (información agrupada por centro)

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 54 de 57

6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
			Web do título
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do centro
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do centro
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do centro
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_-
			Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_-
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_- (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_-

	MEMORIA DE CALIDADE		
	Páxina 55 de 57		

4	E1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_ - (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_ - (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_ - (información por título)
			INF.14_ - (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_ - (información agrupada por centro)
5	E1 8	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do centro
5	E1 9	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do centro
5	E2 0	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web (TFG) e Enlace web (TFM) ou PDF
2,3	E2 5	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	INF.15_ - (información por título)
2,3	E2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E3 0	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 56 de 57

2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)
			INF.17_- (información por título)
			INF.18_- (información por título)
			INF.19_- (información por título)
			SIIU_- (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)
			INF.CiUG_- (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_- (información por título) EIL-ACSUG_- (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)